



PLAN DE ACCIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS

DEPUTACIÓN DA CORUÑA



REDE DE CONCELLOS
para o benestar

PLAN DE ACCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

DEPUTACIÓN DA CORUÑA



ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	7
2.	O MARCO ESTRATÉXICO DO PLAN DE ACCIÓN.....	9
3.	OS EIXOS ESTRATÉXICOS.....	11
3.1	Eixo estratéxico 1: A Creación e consolidación dun Modelo Integrado de políticas locais de benestar.....	11
3.2	Eixo estratéxico 2: A Creación dun Modelo Relacional de políticas locais de benestar. A interdependencia.....	20
3.1	Eixo estratéxico 3: A Estabilidade como fundamento das políticas locais de benestar.....	26
3.2	Eixo estratéxico 4: A proactividade como novo principio xeral de actuación das políticas de benestar.....	31
3.1	Eixo estratéxico 5: A aproximación integral ás problemáticas sociais como multiplicador dos efectos.....	43
4.	O SISTEMA DE SEGUIMENTO, CONTROL E AVALIACIÓN.....	51
4.1	O Sistema de Seguimento e Control do Plan.....	51
4.2	A Comisión de Seguimento.....	52
4.3	A Avaliación do Plan.....	53
5.	CRONOGRAMA DO PLAN DE ACCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS.....	54
6.	ANEXO.....	56
6.1	Indicadores de seguimento das Actuacións.....	56

ÍNDICE DE IMAXES

Imaxe 1. Resumo do marco estratéxico da Rede.....	9
---------------------------------------------------	---

1. Introducción.

Os servizos sociais son un dos elementos constitutivos do noso Estado de Benestar pero, ó longo dos últimos anos, e tendo en conta os efectos da crise económica xurdida a partir do 2008, o contexto no que as políticas locais de benestar se desenvolven vese marcado por un incremento da complexidade social e a limitación nos recursos públicos.

Neste contexto, os Gobernos Locais, como as Administracións máis próximas á realidade cotiá da cidadanía, deben responder ás novas situacións a través dunha nova caixa de ferramentas onde a intelixencia organizativa, a capacidade de liderado e a introdución dos valores da cooperación e da integración, sexan elementos básicos no noso xeito de actuar.

A Deputación da Coruña recoñece esta necesidade ó levar a cabo os traballos necesarios para o deseño das ferramentas que permitan definir e conformar o seu marco de actuación e a súa relación cos Concellos e coas Entidades Sociais en relación ás políticas de benestar. Traballos de análise, diagnose, reflexión e planificación levados a cabo ó longo de dous anos de xeito participativo que teñen como resultado o Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña.

Así, o Plan de Acción ten como obxectivo dotar á Deputación dun marco estratéxico para o desenvolvemento das políticas de benestar na provincia en relación cos Concellos menores de 20.000 habitantes e coas entidades sociais do territorio. Este Plan de Acción está conformado por unha serie de documentos que sustentan e enmarcan o que será a política de benestar da Deputación da Coruña nos próximos anos.

A Diagnose da situación dos servizos sociais da provincia da Coruña é o primeiro dos traballos enmarcados no Plan de Acción. Na Diagnose achégase unha interpretación do contexto demográfico e socioeconómico do territorio como elemento fundamental para a construción conxunta dun novo modelo de política pública que dea resposta á evolución das necesidades sociais. Así, cóntase non só con datos fiables e actualizados sobre a realidade na que se vén traballando dende os departamentos de servizos sociais, senón dunha interpretación dos mesmos que permita deseñar medidas efectivas no camiño cara a construción de sociedades máis xustas e con maior benestar. A Diagnose está formada por 18 Diagnoses Comarcais e 1 Diagnose Provincial.

Dentro do Plan de Acción tamén se define un Marco Estratéxico de actuación, deseñado en base ós resultados dos espazos de reflexión xerados no proceso. No Marco Estratéxico determínase un marco conceptual para a interpretación da situación de partida da nosa sociedade e do modelo de política de benestar local que se está a implementar dende os Concellos e dende a Deputación da Coruña para, a partir da súa análise, establecer un novo modelo de política de benestar máis axeitado ó contexto social actual.

Por último, atópase a propia redacción do Plan de Acción, entendida como a ferramenta que contén os obxectivos estratéxicos a acadar pola política, as liñas estratéxicas de actuación da política de benestar e as medidas concretas que lle proporcionarán o contido operativo necesario para a súa consecución.

2. O Marco Estratéxico do Plan de Acción.

No Marco Estratéxico do Plan de Acción de Servizo Sociais da Deputación da Coruña defínese a estratexia de actuación para a Rede de Concellos para o Benestar, centrada no apoio que a Sección de Benestar da Deputación lle prestará, atendendo ás súas competencias, ós departamentos municipais de benestar, con especial atención ós Concellos de menos de 20.000 habitantes.

Este apoio centrarase tanto nas transferencias de carácter financeiro, como na asistencia técnica e operativa, que será prestada por toda unha serie de ferramentas a disposición dos equipos técnicos municipais. Ademais, salienta pola súa importancia a creación de equipos comarcais que se coordinarán cos equipos locais á hora de ampliar o alcance e profundidade das accións a desenvolver no seo das políticas de benestar.

De xeito complementario ó mencionado, iniciarase un veyro para a construción das Redes Comarcais de Entidades para o Benestar. Estas estarán compostas polos equipos técnicos comarcais da Deputación, polos Concellos e polas entidades do TSAS que establecerán relacións multidireccionais para a detección e incidencia coordinada sobre diferentes problemáticas sociais de relevancia local. Ademais, e xa dende un punto de vista local, aproveitarase a potencialidade da proximidade para establecer vencellos informais de colaboración con actores clave na vida dos núcleos poboacionais co obxectivo de mellorar na detección temperá de situacións susceptibles de seren obxecto de mellora a través dos servizos públicos.

Este sistema de dobre apoio constituirá a base operativa dun novo modelo de política de benestar de carácter **integrado, relacional, estable, proactivo e integral**; que, dende a autonomía local, ofrezca un marco equitativo á cidadanía da provincia e que a través da colaboración entre os actores, do liderado público e da intelixencia, achegue respostas efectivas ás necesidades sociais.

Imaxe 1. Resumo do marco estratéxico da Rede.



Fonte: Elaboración propia.

A nova definición do marco institucional de colaboración entre os diferentes actores presentes na política de benestar (Concellos, Deputación Provincial e entidades do TSAS) establécese co obxectivo de incidir sobre os factores de contexto que marcan a realidade demográfica e socioeconómica de referencia. É dicir, a Rede actuará de xeito prioritario, se ben dentro dun concepto amplo de benestar, no relacionado co **devalo demográfico**, coa **soidade**, coa **expansión da desigualdade e da exclusión social**, e cos **coidados ás persoas**, sempre atendendo á distribución competencial realizada pola lexislación vixente.

En base ó Marco Estratéxico definido para o Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña, é dicir, ó novo modelo de política de benestar representado pola Rede, elaborase o Plan de Acción.

Como se pode observar, o resultado da confluencia entre os eixos estratéxicos cos factores do contexto social, é unha matriz que serve como base para a definición das medidas e actuacións a levar a cabo no Plan de Acción.

Así, os eixos estratéxicos constitúen as vías para a consecución do obxectivo de Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña ó intentar dar resposta ós principais factores que están a caracterizar o contexto no que se desenvolven as políticas de benestar.

Os **eixos estratéxicos** da política de benestar da Deputación da Coruña son:

- **Eixo 1:** A Creación e consolidación dun Modelo Integrado de políticas locais de benestar.
- **Eixo 2:** A Creación dun Modelo Relacional de políticas locais de benestar. A interdependencia.
- **Eixo 3:** A Estabilidade como fundamento das políticas locais de benestar.
- **Eixo 4:** A Proactividade nas políticas locais de benestar.
- **Eixo 5:** A Integralidade e a multidisciplinariade como aproximación ás necesidades sociais.

As medidas recollidas no Plan de Acción fórmulanse dende a complementariedade entre elas, de tal xeito que non se conciben como accións únicas, illadas e encaixables nun eixo determinado. Pola contra, concíbense como pezas dun novo modelo de artellamento institucional que poden ser encaixables en diferentes eixos en función da súa especificidade puntual.

Así, as medidas deseñadas deséñanse tendo en conta o concepto da *multifuncionalidade*, de tal xeito que, por exemplo, ó mesmo tempo que conforman un modelo integrado de acción pública, tamén están a conformar un modelo estable de relacións entre as diferentes administracións que dea pé á limitación da discontinuidade habitual dos programas de benestar.

3. Os eixos estratéxicos.

3.1 EIXO ESTRATÉXICO 1: A CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DUN MODELO INTEGRADO DE POLÍTICAS LOCAIS DE BENESTAR.

A constitución da Rede de Concellos para o Benestar e a súa operativización a través dun sistema de dobre apoio xera un modelo integrado de política de benestar homoxéneo no territorio e adaptable ás circunstancias locais no que o liderado e a iniciativa corresponde ós equipos técnicos locais como interlocutores de proximidade da cidadanía.

O sistema de dobre apoio materialízase, por unha banda, co apoio financeiro da Deputación. Así, a Rede suporá para os Concellos un horizonte de estabilidade plurianual, froito da presenza dun fluxo de financiamento para os equipos de servizos sociais municipais, para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar, e para actividades de benestar. Este apoio financeiro será obxecto de análise en posteriores apartados deste documento de avance.

Por outra banda, con apoio técnico, polo que a integración na Rede suporá a posta a disposición dos Concellos dun apoio técnico procedente de equipos comarcais polivalentes e multidisciplinares, que apoiarán ós equipos técnicos municipais co obxectivo de garantir a equidade territorial na recepción de servizos por parte da cidadanía, así como para incidir nas necesidades detectadas no proceso de planificación comarcal.

Así, a Rede porá a disposición dos Concellos diferentes recursos (financeiros, humanos, metodolóxicos, formativos, relacionais,...), favorecendo que a colaboración institucional, o deseño conxunto e a utilización colaborativa das ferramentas comúns guíen a implantación efectiva dun modelo integrado de políticas de benestar, mellorando a calidade e a equidade dos servizos, expandido os ámbitos de traballo e mellorando a capacidade de anticipación a través da xeración de coñecemento.

Neste sentido, o sistema de dobre apoio técnico e financeiro é o alicerce para a constitución e permanencia de equipos e para a súa actuación homoxénea en todo o territorio, garantindo así a equidade da cidadanía con respecto ó acceso e á recepción de servizos públicos en función do seu concello de residencia.

Medida 1.1: A conformación do Sistema de apoio técnico ós equipos municipais. A coordinación.

O apoio técnico que vai prestar a Rede ós Concellos ten como obxectivo ó acompañamento ós equipos técnicos locais a través de novos recursos humanos, técnicos e metodolóxicos.

Este modelo de colaboración suporá avances en termos de coordinación xeral garantindo a equidade territorial e evitando a presenza de inequidades que penalizan á cidadanía residente nos Concellos de menor capacidade e menor poboación, ó tempo que se favorecerá ó deseño de respostas metodolóxicas fronte ós novos retos e demandas sociais, así como á incidencia efectiva dende unha perspectiva integrada en áreas nas que ata o de agora non se estaba a actuar como consecuencia da saturación dos equipos locais.

Actuación 1.1.1: A creación do Servizo de Benestar da Deputación da Coruña.

O volume da política de benestar da Deputación da Coruña, así como o impacto que esta ten en termos de apoio a Concellos e a entidades sociais, comportan unha especificidade que debe ter a súa plasmación no organigrama administrativo do ente, así como no deseño de ferramentas de coordinación interdepartamental que aseguren a integración da óptica do benestar nas diferentes accións da Deputación.

Neste sentido, a creación do Servizo de Benestar da Deputación da Coruña deberá ir parello ó redimensionamento dos actuais recursos do mesmo na liña de ampliar o apoio financeiro ós Concellos e entidades sociais, sobre todo dende a óptica da maior estabilidade temporal do mesmos, así como de ampliar a función de asistencia técnica e metodolóxica xeral, sobre todo ós Concellos.

A presente actuación supón a creación do nó central da Rede de Concellos para o Benestar a través do Servizo de Benestar da Deputación, así como a plasmación das súas funcións iniciais relacionadas co apoio financeiro ós Concellos menores de 20.000 habitantes e co apoio técnico e metodolóxico, sempre na liña recollida no documento de Marco Estratéxico, que forma parte do conxunto de Informes englobados no presente Plan de Acción de Servizos Sociais.

Actuación 1.1.2: A creación do equipo técnico coordinador a nivel central.

O equipo técnico coordinador está identificado como o nó central da Rede e ten como principal obxectivo a coordinación, seguimento e control do dobre sistema de apoio ós equipos municipais, dentro do Servizo de Benestar da Deputación.

O equipo será o encargado de realizar a coordinación entre os equipos comarcais e os equipos municipais, liderando o seguimento das actuacións incluídas nos Plans de Acción comarcais e recompilando e deseñando metodoloxías de intervención que respondan ás

necesidades sociais para a súa difusión territorial e ó seu uso tanto polos equipos comarcais como polos equipos municipais.

Actuación 1.1.3: A identificación de comarcas piloto para a posta en marcha da Rede de Concellos.

A construción da Rede como a Rede de Concellos para o Benestar implica un gran empeño ó tempo que con leva un intenso proceso de xeración de confianza entre os diferentes integrantes. Para que este proceso sexa o máis áxil e sinxelo posible para os Concellos e Entidades do TSAS, é necesario contar cun período de testeo, adaptación e reaxuste do proceso.

Dende o equipo técnico coordinador propoñeráse unha serie de comarcas piloto para a posta en marcha dos servizos da Rede de Concellos. Así, e en colaboración cos Concellos das comarcas propostas, iniciárase o proceso de conformación da Rede a modo de ensaio, co obxectivo de adoptar os axustes necesarios e adaptar os procesos para o desenvolvemento da Rede se leve a cabo de xeito exitoso.

Actuación 1.1.4: A creación dos equipos comarcais.

Os equipos técnicos comarcais, conformados dende unha óptica multidisciplinar, teñen como obxectivo o apoio ós equipos municipais sobre o terreo tendo como guía para a súa actuación os Plans de Acción de Servizos Sociais comarcais.

Os equipos comarcais estarán integrados por profesionais de diferentes ocupacións do ámbito das políticas sociais, prestarán servizo no territorio comarcal e establecerán, de xeito coordinado cos equipos locais, unha axenda de traballo destinada a complementar ós devanditos equipos locais e a incrementar deste xeito o alcance das políticas de benestar no territorio de referencia, sobre todo tendo en conta a necesidade de coordinación coas entidades do TSAS, así como con outras entidades asociativas.

Os equipos comarcais tamén acompañarán ós equipos municipais proporcionando ferramentas de intervención, establecendo redes de colaboración comarcais, e contribuíndo ó seguimento, avaliación e mellora das actuacións levadas a cabo.

Neste sentido, para o deseño, conformación, creación e posta en marcha efectiva destes equipos recoméndase a celebración de Convenios de colaboración cos Colexios de Profesionais, de tal xeito que se garanta (I) a perspectiva multidisciplinar; (II) a integración dos actores; (III) a xeración de coñecemento técnico e metodolóxico especializado; (IV) a axilidade e flexibilidade do proceso atendendo á necesaria avaliación e axustes.

Cronograma da medida.

Eixo estratéxico 1: A Creación e consolidación dun Modelo Integrado de políticas locais de benestar.

Medida 1.1: A conformación do Sistema de apoio técnico ós equipos municipais. A coordinación.

	Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
Actuación 1.1.1: A creación do Servizo de Benestar da Deputación da Coruña.						
Actuación 1.1.2: A creación do equipo técnico coordinador a nivel central.						
Actuación 1.1.3: A identificación de comarcas piloto para a posta en marcha da Rede de Concellos.						
Actuación 1.1.4: A creación dos equipos comarcais.						

Medida 1.2: A conformación do Sistema de apoio técnico ós equipos municipais. A creación dun Centro de Recursos.

Actuación 1.2.1: A configuración dun Centro de Recursos a disposición dos equipos municipais.

A Rede dotarase dun Centro de Recursos entendido como un espazo de xeración e difusión de coñecemento especializado en materia de prestación de servizos de benestar, de intervención coas persoas usuarias, e de xestión de servizos públicos, que proporcione apoio ós servizos de benestar municipais.

A Rede creará ferramentas especificamente dirixidas ós equipos municipais como poden ser o Buscador de equipamentos de benestar ou o Galería de experiencias de Benestar. Tamén se colaborará con entidades especializadas de cara ó deseño de novas metodoloxías de intervención que serán recompiladas e transferidas ós equipos comarcais e ós equipos municipais.

A través do Centro de Recursos, que contará tanto cunha versión on-line para facilitar o seu acceso a tódalas persoas interesadas como con servizos presenciais individualizados, prestarase apoio individualizado ós equipos técnicos municipais en materias especializadas que superen o alcance dos equipos comarcais, como poden ser aspectos relacionados coa contratación pública, a asistencia xurídica de carácter administrativo, ou sistemas de control de xestión de servizos externalizados.

Así mesmo, o Centro de Recursos será o responsable do deseño e difusión das actividades de formación relacionadas cos diferentes aspectos das políticas de benestar locais.

Actuación 1.2.2: Os contidos do Centro de Recursos: O Buscador de Equipamentos.

Dentro do Centro de Recursos situarase a versión on-line do Buscador de Equipamentos e Entidades de Benestar da provincia da Coruña. Esta ferramenta debe ser integrada na paxina web da Deputación da Coruña, así como facilitada para a súa integración nas páxinas web dos Concellos menores de 20.000 habitantes da provincia, co obxectivo de maximizar a súa

difusión e uso por parte de equipos técnicos de Concellos, de entidades sociais e, sobre todo, da cidadanía.

Un elemento fundamental para a garantía da operatividade do Buscador é a súa necesidade de actualización periódica, xa que os datos primarios proceden do RUEPSS da Xunta de Galicia. Neste sentido, e dentro dun marco xeral de colaboración institucional, recoméndase a redacción dunha ferramenta xurídica de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Deputación da Coruña onde, atendendo á natureza do Buscador e ó seu aproveitamento para uso público dos datos non confidenciais contidos na parte de acceso xeral do RUEPSS, establecer fluxos de información periódicos entre a Xunta de Galicia, como entidade responsable do RUEPSS e a Deputación, como entidade responsable do Buscador, para a actualización dos datos sobre entidades e equipamentos.

Finalmente, tendo en conta o alcance do Buscador, e a existencia dunha parte interna na que figuran datos non públicos relacionados co orzamento, cos equipos de traballo ou con determinados servizos municipais, considérase preciso a actualización anual da mesma co obxectivo de servir de fonte de datos para posteriores análises de evolución das políticas de benestar locais.

Actuación 1.2.3: Os contidos do Centro de Recursos: A Galería de Experiencias Locais de Benestar.

Un dos elementos fundamentais nos traballos relacionados co Plan de Acción é a procura de experiencias que, na actualidade, os Concellos da provincia están a levar a cabo en relación a determinadas problemáticas, de tal xeito que poidan ser compartidas para o seu coñecemento e transferidas para a súa adaptación e posterior implementación.

Tal como acontecía no caso do Buscador, o Galería de Experiencias Locais de Benestar é un dos resultados da elaboración do Plan de Acción, compilando diferentes exemplos de experiencias que inciden, dende o punto de vista dos equipos municipais de benestar, nos grandes factores de contexto demográficos e socioeconómicos que determinan a realidade social actual.

Esta Galería debe ser, por unha banda, feita pública a través da páxina web da Deputación e, por outra, remitido ós diferentes departamentos municipais de benestar para o seu coñecemento e transferencia.

Ademais, esta Galería debe ser actualizada con carácter periódico en función da evolución dos proxectos recollidos, da modificación dos factores de contexto ós que dan resposta os proxectos, así como da introdución de novos proxectos froito da transferencia procurada.

Finalmente, é preciso salientar que esta Galería contén experiencias de interese que, por si mesmas ou agrupadas, teñen a posibilidade de seren o centro de accións formativas dentro

do Plan de Formación en Benestar ou no seo dos Espazos de Reflexión Conxunta a analizar con posterioridade.

Actuación 1.2.4: Os contidos do Centro de Recursos: A Biblioteca especializada.

Outro dos elementos a ter en conta de cara a conformación do Centro de Recursos é a creación e fornecemento de material para unha Biblioteca especializada en benestar que, de carácter on-line, sexa accesible de xeito público.

Esta Biblioteca porá a disposición do público diferentes informes e libros, revistas e outro tipo de material especializado en temática de benestar que, na actualidade se está a xerar, poñendo especial atención naquela documentación xerada dende administracións locais, universidades e equipos de investigación.

Así, ademais de constituírse como centro de referencia para a consulta, tamén se constituirá como parte fundamental da xeración de coñecemento e, polo tanto, da innovación como xeito de avanzar fronte á emerxencia de novas necesidades sociais.

Actuación 1.2.5: Os contidos do Centro de Recursos: Os informes propios.

O Centro de Recursos, tendo en conta a presenza dun equipo coordinador e dunha rede de actores vencellados nas políticas de benestar local, así como de datos primarios, debe asumir a función da realización e difusión de informes propios.

Neste sentido, considérase que a produción propia debe estar enfocada a diferentes enfoques básicos. En primeiro lugar, á xeración e difusión de metodoloxías de intervención relacionadas con colectivos específicos que sexan innovadoras ou á recompilación e difusión de casos de éxito. En segundo lugar, á produción de informes propios de carácter sectorial con recomendacións e adaptacións transferibles que dean pé á súa implementación por parte dos diferentes equipos municipais. En terceiro lugar, á xeración de ferramentas para a planificación e mellora da xestión de servizos de benestar para a súa utilización por parte dos equipos de benestar locais. En cuarto lugar, á realización de análises e avaliacións sobre a situación e rendemento institucional de servizos, programas ou políticas de benestar locais.

Neste sentido, é de interese que unha parte dos Informes xerados dende o Centro de Recursos se vencellen ó establecemento dunha práctica de avaliación constante do rendemento dos servizos de benestar, de tal xeito que se xeneralice a utilización destas ferramentas que, en determinados aspectos, deben ser acompañadas de auditorías a realizar de xeito conxunto cos diferentes departamentos municipais ou da propia Deputación.

Actuación 1.2.6: Os contidos do Centro de Recursos: A asesoría xurídica de benestar.

A creación dunha asesoría xurídica central especializada en materia de benestar é un dos elementos para dar resposta non só a dúbidas de interpretación da lexislación sectorial, senón para apoio en relación a outro tipo de elementos tales como a lexislación sobre contratación, sobre recursos humanos públicos ou sobre outros aspectos sectoriais tales como pode ser a inmigración; cubrindo un dos baleiros máis salientables detectados ó longo da elaboración do Plan de Acción.

Deste xeito, a Asesoría Xurídica de Benestar, cuxo rol é central na progresiva conformación do modelo integrado de política de benestar local, terá como principais misións (I) asesoramento no deseño de licitacións públicas; (II) asesoramento na utilización das ferramentas da contratación pública socialmente responsable; (III) apoio na redacción e homoxeneización de ordenanzas de benestar; (IV) asistencia en materia recursos humanos apoio na e elaboración de bases para procesos de selección de persoal relacionados co benestar; (V) apoio nas relacións co poder xudicial; e (VI) asistencia técnica ós equipos locais en materias de elevada complexidade como pode ser, por exemplo, as migracións.

Neste sentido, considérase de elevado interese a cobertura deste equipo a través do establecemento de canles de colaboración coa Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela que, a través das súas Facultades de Dereito e correspondentes departamentos e grupos de investigación, están a traballar na materia. Esta é unha vía de considerable interese para, ó tempo que se cobre unha necesidade, avanzar na xeración de novas posibilidades a través do coñecemento xurdido pola investigación aplicada.

Actuación 1.2.7: Os contidos do Centro de Recursos: A análise das condicións laborais do SAF para garantir un sector económico de proximidade atractivo.

Ó longo dos documentos elaborados no marco do Plan de Acción de Servizos Sociais é posible observar, tanto a elevada importancia e capilaridade territorial do emprego no SAF, como as diferenzas existentes entre os custos/hora nos diferentes Concellos, atendendo ás diferentes modalidades de xestión.

Neste sentido, e co obxectivo de avanzar na conformación dun sector económico de proximidade atractivo, é preciso que a Deputación da Coruña, como entidade financiadora da case totalidade de horas prestadas en SAF libre concorrència polos Concellos menores de 20.000 habitantes, realice unha análise das condicións das diferentes profesionais do SAF, tanto en termos de tipos de xornadas laborais, estabilidade laboral, seguridade e riscos físicos, como en termos de remuneracións comparadas.

Esta análise debe conducir á elaboración dunha guía de recomendacións básicas para as condicións a recoller na licitación, contratación e seguimento do SAF externalizado homoxéneas para tódolos Concellos, de tal xeito que se avance na mellora xeral das

condicións do sector, prestando especial atención tanto á situación dos Concellos menores de 20.000 habitantes, como a problemáticas como pode ser o desprazamento, a necesidade de axudas técnicas nos fogares, ou a necesidade de reciclaxe formativa.

Actuación 1.2.8: Os contidos do Centro de Recursos: Os sistemas informatizados de control de xestión.

Na actualidade, os equipos municipais de benestar, sobre todo dos Concellos menores de 20.000 habitantes, están a ter dificultades relacionadas co seguimento e recompilación das súas actuacións a través do SIUSS, así como en relación á xestión do SAF como o seu principal programa de benestar. Estas dificultades tradúcense na limitada confiabilidade do dato primario trasladada a través do SIUSS como aplicación oficial, en tanto que a xestión do SAF, no caso de que sexa directa, convértese nun exercicio artesán centralizado nos/nas traballadores/as sociais, de tal xeito que se verifica una disfunción tanto para a operativa diaria dos departamentos de benestar, como para a súa planificación a medio prazo, de tal xeito que o avance neste sentido é unha necesidade.

Para responder a esta situación, recoméndase que a Deputación lidere os traballos para o deseño e aplicación nos Concellos menores de 20.000 habitantes dunha ferramenta informática que, a xeito de interfaz co SIUSS, permita a introdución de datos de xeito sinxelo (para o seu posterior volcado no devandito SIUSS como ferramenta oficial a nivel estatal), así como a introdución de aspectos que na actualidade non se están a ver recollidos como pode ser a axenda para a cita previa, as aplicacións de xestión orzamentaria local para o control das diferentes partidas, recursos humanos, ou un módulo específico para a xestión do SAF do cal existen diferentes alternativas no mercado na actualidade.

Esta aplicación, a deseñar atendendo á experiencia de diferentes Concellos que contan en Galicia con este sistema, debe ser homoxénea para tódolos Concellos menores de 20.000 habitantes da provincia, e realizada en coordinación coa AMTEGA e coa Consellería de Política Social, de tal xeito que permita, a medio prazo, a obtención de datos primarios fiables e comparables sobre a actividade dos Concellos para a súa explotación e realización de planificación de garantías.

Actuación 1.2.9: Os contidos do Centro de Recursos: O Plan de Formación en Benestar.

Os profesionais son o elemento fundamental nos servizos que implican un trato directo coas persoas, por elo, e para ofrecer servizos de calidade, é necesario contar cun sistema continuo de formación dos profesionais de benestar.

Atendendo ós múltiples programas e servizos que se desenvolven dende os servizos sociais comunitarios municipais así como á diversidade de profesionais que forman parte dos

mesmos, é indispensable contar cun Plan de Formación en materia de Benestar que dea resposta ás necesidades de actualización permanente dos profesionais así como á adquisición de novas competencias e destrezas que contribúan a mellorar as capacidades e competencias dos profesionais redundando nun mellor servizo á cidadanía. Neste sentido, é preciso prestar unha especial atención ó SAF dende a perspectiva do avance nas súas metodoloxías de intervención nos fogares.

O Plan de Formación elaborase e implementarase de xeito territorializado atendendo ás necesidades segundo os diferentes territorios da provincia, prestando especial atención ás experiencias comparadas de entidades sociais que traballan no territorio e dos Concellos menores de 20.000 habitantes, así como á transferencia das mesmas a través da colaboración cos equipos de profesionais, fomentando así a creación de redes territoriais.

Actuación 1.2.10: Os contidos do Centro de Recursos: O deseño de espazos de reflexión conxunta.

Aínda que conta cunha entidade e importancia específica o deseño de espazos de reflexión conxunta é unha ferramenta de elevado impacto que forma parte do conxunto de ferramentas do Centro de Recursos.

Neste sentido, contar con espazos onde compartir, intercambiar e coñecer é en aspecto necesario para os membros dunha Rede ampla en termos de territorio, recursos humanos e especialidades, como é a Rede de Concellos para o Benestar. Por elo, é necesario que dende a Rede se habiliten espazos que contribúan á xeración de confianza entre os seus membros.

Así, celebraranse de xeito anual diferentes eventos que sirvan ós profesionais da Rede de foro de intercambio de opinións, de problemáticas e de solucións, encamiñados tanto ó coñecemento e a xeración de confianza entre a Rede como a compartir experiencias e a difundir iniciativas. Buscarase combinar os diferentes niveis territoriais coas diversas especialidades sectoriais, permitindo abarcar a amplitude de ámbitos da política de benestar, tendo presenza en tódolos territorios da provincia.

Os espazos de reflexión serán o lugar onde acudan diferentes especialistas procedentes de toda Galicia, así como do resto do Estado e da UE, xerando unha dinámica periódica encamiñada a converter á Deputación nunha centralidade en materia de xeración de políticas de benestar.

Cronograma da medida.

	Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
Eixo estratéxico 1: A Creación e consolidación dun Modelo Integrado de políticas locais de benestar.						
<i>Medida 1.2: A conformación do Sistema de apoio técnico ós equipos municipais. A creación dun Centro de Recursos.</i>						
Actuación 1.2.1: A configuración dun Centro de Recursos a disposición dos equipos municipais.						
Actuación 1.2.2: Os contidos do Centro de Recursos: O Buscador de Equipamentos.						
Actuación 1.2.3: Os contidos do Centro de Recursos: A galería de experiencias locais de Benestar.						
Actuación 1.2.4: Os contidos do Centro de Recursos: A Biblioteca especializada.						
Actuación 1.2.5: Os contidos do Centro de Recursos: Os informes propios.						
Actuación 1.2.6: Os contidos do Centro de Recursos: A asesoría xurídica de benestar.						
Actuación 1.2.7: Os contidos do Centro de Recursos: A análise das condicións laborais do SAF para garantir un sector económico de proximidade atractivo.						
Actuación 1.2.8: Os contidos do Centro de Recursos: Os sistemas informatizados de control de xestión.						
Actuación 1.2.9: Os contidos do Centro de Recursos: O Plan de Formación en Benestar.						
Actuación 1.2.10: Os contidos do Centro de Recursos: O deseño de espazos de reflexión conxunta.						

3.2 EIXO ESTRATÉXICO 2: A CREACIÓN DUN MODELO RELACIONAL DE POLÍTICAS LOCAIS DE BENESTAR. A INTERDEPENDENCIA.

O recoñecemento da interdependencia existente entre tódolos actores (públicos, sociais e privados) para ser capaces de proporcionar unha axeitada resposta ás necesidades da nosa poboación é un aspecto fundamental do presente Plan de Acción.

Contar co coñecemento exhaustivo das entidades que estamos a traballar no territorio en materia de benestar, así como saber cales son os recursos e equipamentos existentes cos que traballar, e cales son os colectivos ós que se dirixen, é unha das principais tarefas que debemos acometer.

Así, nun modelo integrado de política de benestar, no que é necesaria a coordinación entre os servizos públicos de benestar e as entidades sociais, é onde a Rede debe incidir sobre aqueles factores que dificultan que os equipos municipais establezan canles formais ou informais de coordinación coas entidades do TSAS. Neste sentido, a Rede, a través dos equipos comarcais, prestará o apoio operativo necesario ós equipos municipais no horizonte de conformar as Redes Comarcais de Entidades para o Benestar, entendidas estas como espazos de participación nos que o conxunto de entidades públicas e sociais se atoparán para (I) coñecerse, (II) analizar a situación social do territorio de referencia, (III) compartir inquiredanzas, necesidades e iniciativas (IV) xerar confianza, (V) establecer liñas de colaboración, e (VI) anticipar necesidades sociais.

Un modelo de actuación baseado no fortalecemento da capacidade relacional, comporta un incremento da capacidade conxunta dos actores presentes a nivel comarcal e local nas políticas de benestar que, a raíz do apoio prestado polos equipos comarcais da Rede, verán multiplicadas as oportunidades de colaboración incidindo así en novos ámbitos de traballo comunitario. Neste sentido, a estratexia de colaboración xeral entre os equipos públicos de servizos sociais e as entidades do TSAS proporcionarán especiais rendementos en diferentes eidos.

Medida 2.1: A mellora do coñecemento dos actores sociais presentes no territorio. As Redes Comarcais de entidades para o Benestar.

A Rede, entendida como conxunto de institucións, entidades e persoas que traballan a prol da mellora do benestar e a calidade de vida da cidadanía, ten como un dos seus elementos centrais a incidencia na creación de vencellos, de relacións e de coñecemento entre os seus integrantes para conseguir que entre eles se xere o elemento fundamental para o éxito da mesma: a confianza.

A partir da creación destas relacións, mellórase a coordinación como valor primario no deseño e implementación de accións e, polo tanto, acádanse efectos multiplicadores nas mesmas a raíz da utilización de recursos conxuntos de xeito máis efectivo e eficiente.

Actuación 2.1.1: Artellar visitas ós centros e equipamentos do territorio.

O elemento fundamental nun modelo baseado no fortalecemento da capacidade relacional dos seus integrantes, como o que se pretende na Rede de Concellos para o Benestar, é o coñecemento e recoñecemento dos actores implicados.

Así, é imprescindible que tódolos actores se recoñezan e conten coa información necesaria sobre os seus ámbitos de actuación, as súas iniciativas, os seus programas, así como as súas necesidades.

Neste sentido, o contacto directo e o coñecemento *in situ* dos centros, entidades, recursos, equipamentos e equipos profesionais que traballan nunha determinada zona proporciona, non unicamente información necesaria para un mellor desenvolvemento das actuacións, senón que tamén fornece de aspectos intanxibles imprescindibles na conformación dunha Rede baseada na interdependencia e a confianza.

Por tanto, é necesario artellar diferentes visitas ós centros e equipamentos xestionados polas entidades do TSAS dos territorios de referencia que contribúan a mellorar a coordinación coas súas actividades, así como a maximizar a súa incidencia no territorio.

Actuación 2.1.2: O redeseño do financiamento da Deputación ás entidades sociais. A coordinación territorial e a creación de redes comarcais de entidades para o benestar.

Un dos aspectos a través dos cales a Deputación da Coruña pode incidir na actuación das entidades sociais é mediante as diferentes convocatorias de financiamento que, na actualidade, se atopan en activo.

Neste sentido, é preciso un redeseño das mesmas para que, dentro dos seus condicionantes básicos, se recolla a necesidade de que as accións a financiar non só sexan complementarias

coas que se están a desenvolver na contorna, senón que comporten unha coordinación explícita cos equipos municipais de benestar dos Concellos onde se van implementar, dentro do cal se fará especial énfase nos Concellos de menos de 20.000 habitantes.

Deste xeito, a Deputación incentivará a coordinación no territorio entre Concellos e entidades sociais, elemento que determinará os xa mencionados avances en efectividade e eficiencia das medidas a través da devandita coordinación e complementariedade.

Cronograma da medida.

	Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
Eixo estratéxico 2: A Creación dun Modelo Relacional de políticas locais de benestar. A interdependencia.						
Medida 2.1: A mellora do coñecemento dos actores sociais presentes no territorio. As Redes Comarcais de entidades para o Benestar.						
Actuación 2.1.1: Artellar visitas ós centros e equipamentos do territorio.						
Actuación 2.1.2: O redeseño do financiamento da Deputación ás entidades sociais. A coordinación territorial e a creación de redes comarcais de entidades para o benestar.						

Medida 2.2: A ampliación do abano de actores partícipes na Rede.

A Rede debe ser un espazo onde se fomenta a xeración de coñecemento e o súa transferencia a través da compilación e difusión de metodoloxías, investigacións e experiencias. Para elo, é necesario contar co maior número de profesionais de elevada especialización que doten de contido e *expertise* ó Centro de Recursos e ós equipos técnicos facilitando e promovendo a transferencia de coñecemento, a investigación aplicada e a colaboración interinstitucional.

Actuación 2.2.1: Deseño dun marco de relación e colaboración coas Universidades e os Colexios profesionais.

O coñecemento nos múltiples ámbitos que inciden no benestar e a calidade de vida da cidadanía é posible atopalo nos centros de coñecemento e estudo como son as Universidades e os Colexios profesionais. Así, e para maximizar o apoio técnico de diferente índole que dende a Rede se pretende proporcionar ós equipos municipais, faise imprescindible contar coa colaboración de expertos e profesionais nas diferentes materias que inciden no benestar da cidadanía que están a traballar dende os centros de estudo e investigación universitarios así como dende os colexios de profesionais.

Aqueles ámbitos de traballo nos que se busquen colaboracións poden ser, entre outros que se vaian identificando ó longo do tempo, a mobilidade local, os coidados, a soidade, a saúde mental, o deterioro cognitivo, as accións interxeneracionais, tratamento de adicións entre a

mocidade, o tratamento e rehabilitación de adicións crónicas, ou a accesibilidade, adaptabilidade e eficiencia enerxética nas vivendas.

Deste xeito, o establecemento de colaboracións estables entre a Rede e os Colexios profesionais ou as Universidades permitirá, ó tempo que se fai efectivo un modelo relacional de política local de benestar, avanzar na procura da proactividade das medidas e na integralidade das mesmas, xurdidas estas a raíz do necesario enfoque multidisciplinar a aplicar ás accións deseñadas.

Ademais, esta colaboración será de salientable utilidade á hora da conformación dos equipos técnicos comarcais e do equipo de apoio xurídico central, garantido así o apoio técnico constante a estes equipos e a actualización do seu coñecemento.

Neste sentido, recoméndase a celebración de acordos con (I) Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia; (II) Colexio Oficial de Educadores/as Sociais de Galicia; (III) Colexio Oficial de Psicólogos/as de Galicia; (IV) Colexio Oficial de Arquitectos/as de Galicia; (V) Universidade de Santiago de Compostela; e (VI) Universidade da Coruña.

Actuación 2.2.2: Deseño e Convocatoria de Premios para a produción técnica e científica especializada en benestar, e para o desenvolvemento de proxectos no territorio.

Na actualidade, os diferentes departamentos das Universidades, o estudiantado a través dos diferentes traballos de fin de grao ou fin de máster, así como as persoas que están a investigar en materia de benestar dentro dos traballos de elaboración das teses de doutoramento, están a producir unha importante cantidade de coñecemento específico en benestar que debe ser coñecida, difundida e transferida para a súa aplicación nas políticas públicas.

Para tal obxectivo, a Deputación da Coruña deseñará e convocará un Premio Anual para os diferentes traballos de investigación académica cuxo resultado, ademais do recoñecemento e difusión do mesmo a través da súa edición, poderá comportar a integración dentro dos equipos central ou comarcais da Rede liderada pola Deputación, para a implementación das metodoloxías e para ampliar a especialización das persoas premiadas a través dos traballos sobre o territorio.

Este Premio contará con outro apartado adicado ó recoñecemento de proxectos e actuacións que se están a desenvolver no territorio implementados dende os equipos dos Concellos menores de 20.000 habitantes e dende as entidades sociais nestes Concellos. Neste sentido, os premios suporán tanto o recoñecemento e difusión, como a edición do material, así como debe ser estudada a posibilidade de contar con financiamento suplementario para a súa continuidade a través da Deputación.

Así mesmo, e na liña do exposto recoméndase incluír nas bolsas de investigación financiadas pola Deputación da Coruña¹ a área de investigación específica do benestar como ámbito de interese para a realidade social, cultural, económica e política galega.

Actuación 2.2.3: Integración da Deputación da Coruña no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Na actualidade, as políticas de benestar deben ser entendidas dende unha óptica multinivel e de colaboración, sendo este o enfoque da creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no que se atopan integradas a Xunta de Galicia e os Concellos.

A Deputación, como administración local e como entidade competente no apoio ás políticas de benestar dos Concellos de menos de 20.000 habitantes, é preciso que se atope presente naqueles espazos onde se analicen, planifiquen e presten servizos de benestar, aínda que dende unha óptica diferente á dos Concellos.

Neste caso, considérase que a Deputación conta cun importante bagaxe e coñecemento sobre a realidade dos servizos sociais dos Concellos da provincia, aspecto este que debe servir como elemento para a axeitada interlocución co Consorcio e coa Xunta de Galicia á hora de apoiar na planificación e xestión dos servizos, sobre todo dende a complementariedade dos mesmos, e de defender os intereses dos Concellos máis pequenos que contan cunha menor capacidade.

Así, recoñecendo que o modelo consorcial actual é o máis axeitado para a xestión de determinados servizos de proximidade de competencia multinivel, e na procura da consolidación dun modelo integrado de prestación de servizos, considérase que é preciso que a Deputación se integre no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Actuación 2.2.4: Os Centros de Saúde e os Centros Educativos no centro da ampliación dos actores da rede.

Como se mencionou con anterioridade, un dos elementos centrais á hora do establecemento de relacións entre a Deputación, os Colexios de Profesionais e as Universidades, é a xeración de coñecemento e de metodoloxías para a intervención en eidos nos que, actualmente, se están a detectar baleiros, como pode ser todo o relacionado coa prevención nos centros educativos e co enfoque sociosanitario de proximidade.

Neste sentido, tendo en conta a especial relevancia da creación de redes comarcais de entidades para o benestar, dentro destas metodoloxías e proxectos de intervención ten un

¹ R.P. 2020/9453. Resolución de aprobación das bases reguladoras das bolsas de investigación para o ano 2020. BOP nº 151 de 16 de marzo de 2020.

rol básico o establecemento de canles de coordinación e comunicación cos centros de saúde e centros educativos, de tal xeito que estes participen conxuntamente cos equipos técnicos locais no co-deseño das medidas, na súa adaptación final ás circunstancias territoriais, e na súa implementación final.

Deste xeito, a integración destes equipamentos de referencia suporá un avance á hora de enfocar de xeito integral as diferentes medidas de benestar, multiplicando os seus efectos e ampliando o abano de persoas ás que se chega.

Actuación 2.2.5: As entidades asociativas do territorio como ferramentas de benestar.

Na liña da ampliación das redes de actores que traballan no territorio en materia de benestar, e tendo en conta a necesidade de maior incidencia dende o ámbito comunitario, considérase que é preciso prestar especial atención á coordinación coas actividades das entidades asociativas dos Concellos menores de 20.000 habitantes.

Neste sentido, e dentro da reformulación do sistema de financiamento da Deputación ós departamentos de benestar municipais dos Concellos menores de 20.000 habitantes, considérase salientable que o financiamento das actividades de benestar estea directamente vencellado coa maior coordinación entre os Concellos e as entidades asociativas de carácter local ou parroquial.

Deste xeito acadarase unha maior capilarización das actividades de benestar no territorio, contarase con maiores altofalantes para a difusión e captación de posibles usuarios/as, así como con *antenas* que transmitan información ós departamentos municipais de benestar na detección de necesidades sociais ocultas ou non explícitas.

Actuación 2.2.6: A ampliación interna. Os departamentos de promoción económica e cultura dos Concellos e da Deputación.

Un dos elementos nos que é preciso incidir é na ampliación interna, dentro das propias administracións públicas, dos actores que integren a política de benestar. Neste sentido, é preciso proceder á xeración de *coalicións internas de benestar* tanto nos Concellos como na propia Deputación a partir da xeración de dinámicas de maior coordinación e colaboración entre os departamentos de servizos sociais e, sobre todo, os de carácter xurídico e financeiro, os departamentos de cultura e deportes, ou os departamentos de promoción económica e emprego.

Na Deputación da Coruña detéctanse diferentes elementos sobre os que é preciso incidir dende esta óptica.

En primeiro lugar, incluíndo dentro das convocatorias activas para o financiamento de persoal dos departamentos de cultura municipais, elementos relacionados coa coordinación cos departamentos de benestar municipais a través de deseños de medidas tales como (I) actividades interxeneracionais de transmisión e fomento da cultura e da identidade; (II) roteiros ou viaxes culturais; (III) actividades culturais xerais nas que se integren colectivos de especial necesidade como poden ser as persoas con discapacidade; (IV) fomento de prácticas tradicionais comunitarias en relación coas asociacións do territorio; ou (V) recompilación de material de carácter etnográfico relacionado con costumes, transmisión oral de relatos, ou oficios, por exemplo.

En segundo lugar, a través da introdución en ferramentas de promoción económica como é o PEL, dun enfoque de benestar a través do fomento específico de parte das axudas adicadas ó emprendemento (Liña 2 – PEL Emprende) e do apoio ó tecido empresarial para a contratación de persoas en situación de desemprego (Liña 3 – PEL PEMES) ó sector do benestar, sobre todo tendo en conta a situación das Comarcas de carácter rural.

En terceiro lugar, a través do traballo que, dende o servizo de promoción económica da Deputación se pode facer, dun xeito paralelo á revisión do PEL, en relación ó deseño de ferramentas como son as Bolsas de Traballo municipais para poñer a disposición dos Concellos menores de 20.000 habitantes.

Cronograma da medida.

Eixo estratéxico 2: A Creación dun Modelo Relacional de políticas locais de benestar. A interdependencia.

Medida 2.2: A ampliación do abano de actores partícipes na Rede.

Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
-------	-------	-------	-------	-------	-------

Actuación 2.2.1: Deseño dun marco de relación e colaboración coas Universidades e os Colexios profesionais.					
Actuación 2.2.2: Deseño e Convocatoria de Premios para a produción técnica e científica especializada en benestar, e para o desenvolvemento de proxectos no territorio.					
Actuación 2.2.3: Integración da Deputación da Coruña no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.					
Actuación 2.2.4: Os Centros de Saúde e os Centros Educativos no centro da ampliación dos actores da rede.					
Actuación 2.2.5: As entidades asociativas do territorio como ferramentas de benestar.					
Actuación 2.2.6: A ampliación interna. Os departamentos de promoción económica e cultura dos Concellos e da Deputación.					

3.3 EIXO ESTRATÉXICO 3: A ESTABILIDADE COMO FUNDAMENTO DAS POLÍTICAS LOCAIS DE BENESTAR.

Como porta de entrada ó sistema galego de servizos sociais, a lexislación vixente outorga á administración local o cometido de desenvolver unha múltiple e variada escolma de servizos e programas.

Se ben este é un feito, o contexto de traballo dos departamentos locais de benestar atópase marcado pola limitación dos efectivos técnicos, pola discontinuidade das accións, pola limitada multidisciplinariaidade, ou pola excesiva focalización do traballo operativo na tramitación administrativa das diferentes intervencións (fundamentalmente vencelladas coa dependencia e as rendas de inserción), e, que por todo elo, o traballo comunitario e preventivo que se debería realizar, vese limitado. Deste xeito, estase a confirmar unha práctica técnica real dos equipos municipais reactiva, inestable e descontinua.

Dende a Rede preténdese paliar esta situación dende diferentes vías. En primeiro lugar, consolidar o apoio nas tarefas de carácter administrativo, que se iniciou no 2016 co financiamento por parte da Deputación da figura do apoio administrativo nos equipos municipais de benestar. En segundo lugar, mellorando a estabilidade e a continuidade das políticas de benestar definindo un sistema de apoio financeiro baseado na plurianualidade, reducindo neste sentido tamén a esixencia administrativa ós departamentos de benestar.

Finalmente, o apoio técnico, a través dos equipos comarcais e do Centro de Recursos, contribúe a incrementar os recursos técnicos, operativos e de formación e coñecemento dos que dispoñerán os equipos municipais, incidindo na estabilidade das intervencións levadas a cabo polos equipos municipais, favorecendo a súa continuidade no tempo e, polo tanto, camiñando cara a mellora dos efectos das mesmas a medio prazo. Así mesmo, incidirase en sectores nos que se viña intervindo de xeito limitado, potenciando así o alcance das políticas de benestar e expandíndoas dentro das liñas do Plan de Acción de xeito integrado, coordinado e estable.

Deste xeito, a Rede, a través da creación de novas ferramentas no Centro de Recursos así como a actuación do equipo coordinador central ou o deseño de espazos de participación, poñerá a disposición dos Concellos un abano de medios que contribuirán a mellorar a estabilidade e a continuidade das políticas locais, a mellorar o seu rendemento, e dispoñer das ferramentas que permitan a análise dos seus efectos e a súa reformulación, garantindo así a máxima adecuación ás necesidades sociais.

Neste sentido, é indispensable contar co traballo que desempeñan as entidades do TSAS e, para contribuír á mellora da súa incidencia social, é necesario traballar tanto dende a estabilidade das propias entidades como dende a continuidade das súas intervencións.

Así, é preciso avanzar na reformulación do sistema de apoio financeiro ás entidades do TSAS dende a óptica da estabilidade, contribuíndo a fomentar e intensificar a relación e coordinación comarcal entre as entidades e as administracións locais, ó tempo que se garante que aquelas entidades de maior capacidade localizadas nas centralidades do territorio leven a cabo os seus programas de xeito capilarizado ó longo de toda a provincia.

Medida 3.1: Conformación dun sistema de financiamento plurianual para os servizos sociais comunitarios municipais.

Recoméndase a definición, ó longo do primeiro ano de vixencia do Plan de Acción, dun sistema de financiamento plurianual para os servizos sociais comunitarios municipais que permita avanzar no actual sistema baseado na convocatoria anual do programa de financiamento FOPPSS, que contribúa a superar as situacións de inestabilidade dos equipos municipais e discontinuidade das políticas desenvolvidas.

Actuación 3.1.1: Plan de financiamento plurianual para os servizos sociais comunitarios municipais dos Concellos de menos de 20.000 habitantes.

O apoio económico que a Deputación da Coruña presta ós Concellos basearase na extensión do vixente sistema de financiamento baseado na transferencia, en diferentes módulos, de contías en función da categoría laboral dos profesionais que integran os equipos municipais. Así mesmo, o financiamento tamén cubrirá a prestación do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência así como unha serie de programas, iniciativas e actividades de benestar que respondan ás necesidades e á planificación comarcal definida no marco do presente Plan de Acción.

O financiamento será de carácter plurianual, promovendo así á estabilidade e consolidación dos equipos técnicos locais e a continuidade das políticas de benestar iniciadas, ó tempo que se garante a xestión das atencións ás persoas dende unha perspectiva integrada onde conflúan a lonxitudinalidade, a continuidade e a complexidade, así como a abordaxe integral das situacións a través de olladas comunitarias e familiares.

As contías básicas a transferir ós Entes locais terán como fundamento inicial as utilizadas para a anualidade do 2019 cos seus diferentes conceptos, en tanto que poderán ser incrementadas atendendo (I) á evolución orzamentaria da Deputación, (II) á determinación da necesidade de inclusión de novos conceptos relacionados con actividades de benestar dirixidas a prioridades detectadas no proceso de planificación, así como (III) ó seguimento da actividade municipal.

Neste sentido, será de especial atención a creación dun novo apartado no financiamento relacionado coas actividades de benestar. Este apartado terá como obxectivo o apoio á realización de actividades por parte dos Concellos, en colaboración cos equipos comarcais de benestar, centradas nas recomendacións expostas ó longo dos documentos incluídos no Plan de Acción, avanzando cara a equidade territorial e cara a obtención dun modelo de políticas locais de benestar integrado nos Concellos menores de 20.000 habitantes.

Actuación 3.1.2: O efecto centralidade e o establecemento de axendas conxuntas cos Concellos maiores de 20.000 habitantes.

Se ben a Deputación ten como competencia a asistencia nas políticas de benestar dos Concellos menores de 20.000 habitantes, é preciso ter en conta a existencia de servizos e programas de benestar que, na actualidade, están a desenvolver os Concellos de maior poboación e que están a atraer a persoas usuarias dos Concellos lindeiros de menor poboación a raíz do efecto centralidade.

Neste sentido, considérase preciso avanzar na colaboración cos Concellos maiores de 20.000 habitantes dende unha óptica de estabilidade, determinando anualmente axendas, liñas de traballo e sistemas de seguimento conxuntos, sobre todo atendendo ó efecto centralidade de estes Concellos teñen sobre as súas Comarcas de referencia.

Actuación 3.1.3: Deseño da ferramenta de colaboración entre a Deputación da Coruña e os Concellos da provincia. O redeseño do FOPPSS.

A Rede de Concellos para o Benestar concíbese como un novo marco institucional de relación entre a Deputación da Coruña, os Concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia e as entidades do TSAS, no que sobre a base da estabilidade, da suficiencia, do acompañamento e da autonomía local, se dea resposta ós retos das políticas de benestar e ás necesidades dos departamentos locais atendendo ós valores de referencia do Plan.

A Rede é o elemento que une ós actores públicos e sociais que están a traballar en políticas de benestar na provincia, sendo preciso formalizala de xeito que se establezan os compromisos de colaboración asumidos polos integrantes da Rede de Concellos para o Benestar, é dicir, pola Deputación da Coruña e os Concellos da provincia.

Neste sentido, considérase que o elemento fundamental para o establecemento desta colaboración sería, sobre a base do actual FOPPSS, a súa evolución atendendo á plurianualidade do financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais, e ós tres obxectos do financiamento (I) os equipos municipais, (II) o servizo de axuda no fogar e (III) as actividades de benestar, así como o sistema de seguimento e avaliación que se empregará para a medición dos obxectivos e logros obtidos así como o seu impacto en termos de revisión das contías.

Cronograma da medida.

Eixo estratéxico 3: A Estabilidade como fundamento das políticas locais de benestar.

Medida 3.1: Conformación dun sistema de financiamento plurianual para os servizos sociais comunitarios municipais.

	Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
Actuación 3.1.1: Plan de financiamento plurianual para os servizos sociais comunitarios municipais dos Concellos de menos de 20.000 habitantes.						
Actuación 3.1.2: O efecto centralidade e o establecemento de axendas conxuntas cos Concellos maiores de 20.000 habitantes.						
Actuación 3.1.3: Deseño da ferramenta de colaboración entre a Deputación da Coruña e os Concellos da provincia. O redeseño do FOPPS.						

Medida 3.2: O redeseño do sistema de financiamento para as entidades do TSAS. A plurianualidade.

A nova definición dun sistema de financiamento plurianual para as entidades do TSAS debe permitir superar o actual sistema baseado nas convocatorias anuais, contribuíndo a mellorar as situacións de inestabilidade dos equipos e a discontinuidade das actuacións que desenvolven as entidades no territorio.

Actuación 3.2.1: Deseño dun Plan de financiamento plurianual para as entidades do TSAS.

A actividade que desenvolven a maioría das entidades do TSAS está directamente relacionada coa súa capacidade económica, que na maioría das ocasións ten como principal fonte o financiamento público a través das súas diferentes vías de apoio económico as entidades sociais.

Por elo, e para contar con entidades e equipos estables que desenvolvan de xeito estable a súa actividade naqueles ámbitos pouco explotados dende a esfera pública, é necesario contar con sistemas de financiamento plurianual baseados na identificación de necesidades e complementariedades, na definición de programas a desenvolver de xeito coordinado, así como no establecemento de sistemas de seguimento e avaliación que consoliden e reforcen a territorialización das actividades das entidades do TSAS.

Neste sentido, e como elemento central, será fundamental traballar na intensificación da relación existente entre as entidades locais, tanto do TSAS como as asociativas, e as administracións locais, de tal xeito que se xeren complementariedades locais. Ademais, dende un punto de vista de mellora da equidade territorial, considérase necesario avanzar na capilarización en todo o territorio das actividades levadas a cabo por aquelas entidades do TSAS localizadas nas grandes centralidades da provincia, aspecto este indispensable tanto para a mellora do acceso da cidadanía a determinados programas innovadores como para a transmisión de coñecemento e a coordinación entre os Concellos e as propias entidades sociais.

Finalmente, de igual xeito ó xa mencionado con anterioridade, serán deseñadas metodoloxías para a avaliación e/ou auditoría dos proxectos financiados por parte do equipo técnico do Servizo de Benestar da Deputación, en coordinación cos Concellos e coas propias entidades sociais, de tal xeito que sexa posible observar e analizar os seus efectos co obxectivo de melloralos e incrementar o valor social dos mesmos.

Cronograma da medida.

Eixo estratéxico 3: A Estabilidade como fundamento das políticas locais de benestar.

Medida 3.2: O redeseño do sistema de financiamento para as entidades do TSAS. A plurianualidade.

Actuación 3.2.1: Deseño dun Plan de financiamento plurianual para as entidades do TSAS.

Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5

3.4 EIXO ESTRATÉXICO 4: A PROACTIVIDADE COMO NOVO PRINCIPIO XERAL DE ACTUACIÓN DAS POLÍTICAS DE BENESTAR.

Un dos aspectos centrais dentro dun novo modelo de política pública de benestar, e tendo en conta a reactividade do actual modelo que xera numerosas disfuncións relacionadas tanto co excesivo peso das tarefas de carácter administrativo, como coa segmentación das persoas beneficiarias das políticas, así como coa emerxencia do valor do asistencialismo fronte outro tipo de enfoques universalistas, é preciso avanzar no modelo de política pública a través do fornecemento de novos recursos que faciliten a posibilidade da adopción de ópticas proactivas no deseño de medidas e programas.

Así, a conxunción entre os novos recursos e este novo enfoque proactivo permitirá a asunción do traballo de carácter comunitario, elemento este recoñecido como un dos baleiros máis salientables a nivel local das políticas de benestar. Ademais, esta proactividade comunitaria levará a unha nova forma de universalidade non homoxeneizadora, senón individual, de tal xeito que os servizos de benestar sexan quen de detectar e analizar cada caso (dentro do seu contexto social) e aplicar recursos ou metodoloxías de intervención (sobre todo de carácter familiar) en función dos condicionantes observados sen atender necesariamente á formalidade propia da tramitación reactiva de recursos.

A raíz deste novo esquema de actuación, cobran especial importancia as estratexias de coordinación que sosteñan os equipos técnicos de benestar cos diferentes actores. Neste caso, en diferentes actuacións xa foi recollida a necesidade de establecer ferramentas de colaboración estables con entidades sociais, con Colexios de Profesionais, con centros educativos, con centros de saúde ou con Universidades, de tal xeito que, sobre todo no tocante a estas últimas, é preciso afondar nos contidos desta colaboración estable.

É dicir, a proactividade e a multidisciplinabilidade tanto dende o enfoque como dende a intervención abren novas posibilidades para a innovación social en políticas de benestar con elevada capilaridade e impacto público, que son posibles a raíz do incremento do apoio ós equipos técnicos municipais por parte da Rede.

Medida 4.1: A proactividade no deseño de programas propios por parte da Deputación.

A pesar de que a rede de actores que se está a constituír en relación ás políticas públicas de benestar locais ten un rol central na definición e implementación dos novos programas de xeito proactivo, existen diferentes actuacións que a Deputación, a través das *coalicións internas de benestar* propias da Deputación xa analizadas, pode asumir para levar a cabo e xerar un salientable efecto multiplicador.

Ademais, seguindo o exemplo da Teleasistencia, programa propio da Deputación, no caso dos programas de deseño central, débese prestar especial atención á implementación no territorio en rede, é dicir, establecendo unha importante coordinación cos Concellos e con outros actores do territorio (entidades sociais, entidades asociativas, parroquias...) de cara á maximización da difusión dos devanditos programas e, polo tanto, para o incremento das persoas usuarias dos mesmos.

Actuación 4.1.1: Fomento do uso das ferramentas da contratación pública socialmente responsable na Deputación e nos Concellos.

A introdución tanto das cláusulas sociais, laborais e medioambientais así como a utilización da reserva de contratos² nas licitacións públicas está a converterse nunha ferramenta para que a contratación pública incida na dinamización dos sectores económicos de proximidade e na mellora da inclusión laboral de determinados colectivos con necesidades especiais, sempre dentro do respecto ó principio de seguridade xurídica.

Esta utilización é posible se previamente existe unha extensión das coalicións internas mencionadas con anterioridade entre os departamentos de benestar e promoción económica, ós departamentos de carácter xurídico e financeiro, de tal xeito que os Concellos e a Deputación utilice un completo abano de alternativas no apoio das políticas de benestar.

Con todo, na liña do mencionado con anterioridade, o uso das cláusulas sociais e a reserva de contratos por parte das administracións debe atender á normativa vixente, garantindo a seguridade xurídica dos procedementos de contratación.

Así, a actuación céntrase na (I) maximización da utilización das ferramentas de contratación pública socialmente responsable por parte da Deputación da Coruña; (II) a asistencia xurídica

² Disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

especializada en contratación dende a óptica do benestar por parte da Deputación da Coruña ós departamentos de contratación municipais; (III) ó deseño de modelos de pregos especificamente deseñados dende a contratación pública socialmente responsable; (IV) o deseño por parte da Deputación de accións formativas específicas para persoal dos departamentos de contratación e de benestar municipais para o aproveitamento das posibilidades legislativas na contratación pública socialmente responsable.

Actuación 4.1.2: O deseño e implementación de accións formativas no territorio para o aproveitamento do SAF como xacemento de emprego de proximidade.

Na actualidade, como se vén mencionando e recoñecendo ó longo dos traballos realizados para a elaboración do Plan de Acción, un dos elementos que inciden na dificultade para a expansión das horas prestadas no SAF é o relacionado coa dificultade que teñen as diferentes entidades prestadoras para atopar persoal formado, especialmente nas contornas máis rurais.

Neste sentido, a Deputación da Coruña conta con experiencia (o Programa Rede Xiana) no deseño e implantación, en coordinación cos Concellos, de diferentes accións formativas encamiñadas á obtención dos requirimentos axeitados para o acceso a diferentes ocupacións, entre as que se atopaba o SAF.

Así, a raíz da importante valoración que tivo este programa, e dos seus resultados en termos de persoas capacitadas, considérase preciso retomar as accións formativas propias de deseño central e implementación no territorio, en coordinación cos Concellos, para incrementar as posibilidades de obter os requirimentos axeitados.

Estas accións formativas débense complementar de dous xeitos. En primeiro lugar, a través da bonificación no relativo ó seu acceso e a través da bonificación dos custos do transporte público. En segundo lugar, facilitando o acceso ós requirimentos previos esixidos á hora de acceder ós certificados de profesionalidade, de tal xeito que se amplíe o abano do colectivo obxectivo ó que se dirixen as devanditas accións formativas.

Ademais, de cara á selección das persoas máis axeitadas para cursaren estas accións, considérase relevante o establecemento dunha fonda coordinación entre o equipo xestor do programa de formación, os departamentos municipais de benestar e os departamentos municipais de promoción económica. Estes departamentos municipais, a través do coñecemento da realidade territorial coa que contan e que se verá incrementada a través da implantación, por exemplo, das Bolsas de Traballo locais, achegarán ás persoas máis idóneas para afrontar as accións formativas coa óptica posta na inserción laboral.

Finalmente, é preciso reiterar a importancia de que estes programas de formación conten con acceso ás entidades prestadoras con contratos temporais ou de prácticas, así como, de

ser posible, a estabilidade e continuidade dos mesmos co obxectivo de incidir de xeito integral na fixación de poboación no territorio.

Actuación 4.1.3: O programa de Teleasistencia. A importancia da difusión e a súa ampliación do programa.

Na actualidade, o programa da Deputación de Teleasistencia está a ser un éxito, e nos últimos anos foi ampliado a través dunha nova licitación que incorpora novidades tecnolóxicas salientables, ademais da ampliación a máis de 3.000 unidades dos dispositivos a disposición das persoas potencialmente usuarias.

Con todo, na liña do mencionado, de cara á maximización da utilidade do programa, é preciso facer un esforzo en difusión do mesmo de xeito capilarizado. É dicir, establecendo a través de Concellos, de entidades sociais, e de entidades asociativas e doutros actores do territorio, actividades de mostra do programa e de captación de usuarios/as, sempre dentro da liña central do mesmo que é a prevención.

Neste sentido, considérase relevante avanzar a través das *coalicións internas de benestar dos Concellos* no establecemento de estratexias de difusión conxuntas entre os departamentos de benestar cos de cultura, por exemplo, para dar a coñecer o programa a través das múltiples actividades desenvolvidas no territorio onde os equipos técnicos detecten a asistencia de colectivos de interese para o programa.

Así mesmo, é necesario apoiar e estender as iniciativas innovadoras de difusión que se están a levar a cabo en moitos concellos, (como poden ser as liñas municipais de whatsapp, por exemplo), para incrementar o impacto da difusión levada a cabo, non únicamente para a promoción do programa de Teleasistencia, senón para todos aqueles programas e iniciativas de interese dende a óptica do benestar.

Finalmente, tendo en conta a implementación na actualidade do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) e das súas intervencións relacionadas coa implantación de medios tecnolóxicos para mellorar a permanencia das persoas maiores nos fogares a través da mellora da seguridade (Fogar dixital), considérase importante a incorporación da Deputación a este programa ou á súa posible continuación xa que, como se pode observar, este é un eido no que se está a traballar dende diferentes entidades e iniciativas, xerando unha fiestra de oportunidade a través da creación de sinerxias que deben ser aproveitadas dende o local para a mellora efectiva das condicións de vida da poboación con necesidades especiais.

Actuación 4.1.4: A mellora das axudas de emerxencia social a través do establecemento de convenios.

Un dos elementos nos que se considera preciso avanzar en relación ós servizos a prestar ás persoas consideradas dentro das emerxencias sociais é o relacionado coa súa dignidade persoal. Este aspecto debe terse en conta á hora de acceder de xeito efectivo a programas como o de acceso a alimentos en supermercados, de tal xeito que a confidencialidade, o anonimato e a dignidade da persoa usuaria destes programas se garanta en todo o proceso.

Neste sentido, verifícase a existencia de iniciativas que poñen en relación ós departamentos municipais de benestar con importantes cadeas de distribución alimentaria, para entregar ás persoas usuarias dos programas de alimentos tarxetas de formato común coas que afrontar os pagamentos dos devanditos alimentos garantindo a súa confidencialidade.

Ademais, estes convenios xeran un proceso interno entre os departamentos contables da cadea de distribución e do Concello que permite facilitar o abono das cantidades correspondentes por cada compra de xeito seguro e verificable, incidindo na mellora dos traballos de comprobación do gasto público propios dos Concellos.

Como se pode comprobar, esta actuación inclúe o liderado da Deputación no deseño e creación desta serie de Convenios para a adhesión municipal ós mesmos, vencellando a xeración e consolidación dos traballos en rede entre os actores presentes no territorio (neste caso entre os Concellos e establecementos de alimentación de proximidade), de xeito complementario á mellora da garantía da autonomía alimentaria das persoas atendendo tamén á mellora da súa dignidade, sendo posible aproveitar estas sinerxias de cara ó establecemento de protocolos conxuntos de inserción laboral en actividades como a mencionada da distribución alimentaria, de elevada necesidade de recursos humanos.

Actuación 4.1.5: O Programa “O Mar na Escola”.

Na liña do fomento do traballo en rede de xeito conxunto entre as entidades sociais, os centros educativos, os departamentos locais de benestar e de deportes, e co liderado da Deputación, é de relevancia o aproveitamento de experiencias de éxito que, na actualidade, se están a desenvolver no territorio e que deben ser analizadas e expandidas ó actuaren sobre colectivos de especial necesidade dende a óptica da súa inclusión.

Este é o caso do programa O Mar na Escola que se está a desenvolver en 17 centros educativos de Camariñas, Carnota, Cee, Dumbría, Fisterra, Corcubión, Muxía e Laxe que, liderado pola Escola de Vela Cataventos de Corcubión, achega os deportes náuticos ós e ás nenos e nenas dos centros.

Neste sentido, é posible aproveitar e ampliar a experiencia deste programa a través de varios elementos. En primeiro lugar, introducindo elementos de carácter interxeneracional xa que,

como se pode comprobar, estase a implementar en localizacións de elevada tradición e cultura mariñeira.

En segundo lugar, na actualidade este programa estase a desenvolver na Ría de Corcubión, de especiais características para a práctica segura destas actividades. Neste sentido, é posible aproveitar para a introdución de actividades de inclusión con colectivos de persoas con discapacidade cos que a nivel comarcal están a traballar dende entidades sociais como APEN ou ASPADEX, pero que é extensible a toda a provincia e a tódalas entidades sociais especializadas.

Actuación 4.1.6: Fomento dunha alimentación saudable quilómetro 0, a través dos programas e actividades para menores.

Na liña do fomento dunha administración socialmente responsable a través das ferramentas de contratación pública, a Deputación da Coruña ten un importante rol no impulso dos mercados alimentarios locais de proximidade como consumidor e/ou comprador de alimentos.

Neste sentido, a Deputación, como administración responsable de múltiples actividades con menores (Campaña de Inverno ou Campamentos Deportivos, entre outros) e centros de menores, debe incidir na mellora dos hábitos de alimentación destes a través dos servizos de comedor que se prestan tanto a través dos servizos propios (de xeito directo ou externalizado), como a través das actuacións financiadas dende as diferentes áreas da institución, garantido en todas elas a máxima calidade nutricional dos menús e fomentando unha nutrición e alimentación saudables, proxima e xusta, é dicir, o consumo de alimentos de proximidade non procesados.

Cronograma da medida.

Eixo estratéxico 4: A proactividade como novo principio xeral de actuación das políticas de benestar.
Medida 4.1: A proactividade no deseño de programas propios por parte da Deputación.

Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
-------	-------	-------	-------	-------	-------

Actuación 4.1.1: Fomento do uso das ferramentas da contratación pública socialmente responsable na Deputación e nos Concellos.						
Actuación 4.1.2: O deseño e implementación de accións formativas no territorio para o aproveitamento do SAF como xacemento de emprego de proximidade.						
Actuación 4.1.3: O programa de Teleasistencia. A importancia da difusión e a súa ampliación do programa.						
Actuación 4.1.4: A mellora das axudas de emerxencia social a través do establecemento de convenios.						
Actuación 4.1.5: O Programa "O Mar na Escola".						
Actuación 4.1.6: Fomento dunha alimentación saudable a través dos programas e actividades para menores.						

Medida 4.2: A proactividade no deseño de programas a través da Rede de actores.

Tal como se mencionaba con anterioridade, a potencialidade do novo modelo de política de benestar a liderar dende a Deputación ten os seus alicerces no deseño e xestión da rede de actores implicados na devandita política. Así, este rol supón un avance tanto no deseño de programas como na súa implementación sobre o territorio, aspecto no que colaborarán os equipos municipais e comarcais, sempre tendo en conta a necesaria adaptabilidade ás circunstancias locais.

Deste xeito, a proactividade será un dos elementos centrais para o deseño dos programas por parte da rede de actores en diferentes ámbitos sectoriais.

Actuación 4.2.1: O deseño dun programa específico para a detección e tratamento da soidade.

Na actualidade, un dos principais baleiros detectados polos equipos técnicos dos departamentos locais de benestar é o traballo coas persoas en situación de soidade, tanto en termos de detección, como de intervención dende a óptica da recuperación das redes relacionais destas persoas.

Deste xeito, a rede de actores mencionada con anterioridade, deberá deseñar os elementos comúns dun programa de detección e intervención coas persoas en soidade, tendo en conta a existencia e vitalidade local das redes comunitarias e veciñais coas que colaborar para levalos adiante.

O programa de detección e intervención en situacións de soidade debe colaborar con actores comunitarios colaboradores que actúen a xeito de *antenas* (bares, quioscos, farmacias, Centro de Saúde, parroquia, asociacións locais...), e detecten a presenza de persoas en soidade e as súas principais problemáticas para, a continuación, informar ós departamentos de benestar locais que, a través de ferramentas de carácter comunitario, ou dos servizos propios do Concello (caso do SAF, ou do programa de Teleasistencia), ou a través das entidades sociais mediante voluntariado ou accións específicas das propias entidades, traballará para a revitalización das redes sociais destas persoas evitando así a soidade e os posibles efectos negativos da mesma.

Este programa atópase intimamente relacionado con outros programas xa existentes, como pode ser o Xantar na Casa xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou a Teleasistencia, que deben ser intensificados na liña xa mencionada con anterioridade.

A detección das situacións de soidade é un elemento central do programa, que debe contar cun abano de recursos que entren a disposición da persoa usuaria en función da súa valoración técnica. Neste sentido, dentro deste abano de recursos atoparíanse tanto o SAF

como Teleasistencia, en tanto que tamén serían de elevado interese os programas de lecer de carácter cultural, interxeneracionais, ou de recuperación dos hábitos comunitarios.

Actuación 4.2.2: O deseño dun programa marco específico para o voluntariado.

Outro dos baleiros máis salientables detectados polos equipos de benestar municipais é o relacionado coa ausencia xeral de programas de voluntariado, de salientable impacto tanto en termos de benestar (a través de acompañamentos a persoas maiores, por exemplo), como en termos multipropósito a través tanto da socialización e recuperación de redes relacionais, como en termos de diferentes finalidades (actividades de ensino, cultura, promoción económica, lecer, deportes...), así como de diferentes perfís de persoas a integrar nos equipos de voluntariado.

Así, os programas de voluntariado contan cun percorrido que se debe aproveitar, sobre todo en contacto directo coas entidades asociativas do territorio.

Deste xeito, atendendo tanto á presenza de salientables experiencias nos Concellos, como de entidades sociais con importante tradición en programas de voluntariado, é preciso que a rede de actores aproveite estas iniciativas para, a partir delas, deseñar un programa marco de voluntariado adaptable a cada realidade local, de tal xeito que se facilite o contar con persoal técnico específico e un axeitado marco capilarizado de difusión e captación de persoas voluntarias, atendendo tamén ás súas expectativas e formación necesaria para cada eido de actuación.

Con todo, dende o benestar, o programa de voluntariado non se debe focalizar unicamente en aspectos como o acompañamento ás persoas maiores, senón que debe ser máis amplo a través da inclusión de elementos xa mencionados como a rexeneración relacional das persoas, a detección de situacións de risco, ou a recuperación de hábitos comunitarios. Neste sentido, o programa marco deberá contar con actividades de formación específicas, así como con outro tipo de aspectos como poden ser os seguros ou o apoio para o desprazamento das persoas voluntarias ás actividades.

Actuación 4.2.3: O deseño de programas de detección e prevención do deterioro cognitivo.

Na actualidade, tendo en conta tanto a focalización dos Centros de día para persoas maiores da rede pública consorciada nas persoas con valoración da dependencia, así como a infradotación de prazas, existen experiencias de Concellos da provincia que se forneceron de programas de prevención do deterioro cognitivo de elevado éxito. Estas experiencias están a ser lideradas tanto polas administracións locais como por entidades sociais que veñen traballando ó longo dos últimos anos nestas iniciativas.

Exemplos delo son o programa de detección temperá das dificultades de memoria que leva a cabo o Concello de Boimorto en colaboración coa USC e coa Consellería de Política Social ou o servizo de de estimulación terapéutica para persoas maiores que se presta nos Concellos de Teo, Vedra, Ares ou Bergondo.

Neste sentido, considérase de especial interese non só a difusión destes programas, senón a súa implantación nos Concellos que, na actualidade, teñen especiais dificultades para cubrir a demanda (explícita ou implícita) en relación á rede pública consorciada de centros de día.

Deste xeito, e co obxectivo da creación de programas homoxéneos nos Concellos e, ó mesmo tempo, adaptados á realidade local, recoméndase que a Deputación da Coruña estableza unha colaboración activa tanto cos Colexios de Profesionais (algo xa mencionado), como coas Universidades (na liña xa iniciada polo Concello de Boimorto), creando metodoloxías conxuntas, liderando a implementación e aplicación das devanditas metodoloxías ás persoas usuarias, e realizando as avaliacións correspondentes para acometer redefinicións nas técnicas a utilizar.

Ademais, neste sentido, é preciso ter en conta a experiencia coa que contan entidades sociais de referencia, de tal xeito que sexa posible vencellar ó TSAS na implementación territorial das medidas.

Actuación 4.2.4: O traballo con persoas cuidadoras. Deseño e implementación de programas de apoio.

A atención ás persoas cuidadoras é un dos ámbitos nos que dende os equipos técnicos de benestar se detectan espazos de mellora polo que se considera de interese o deseño de programas de apoio a familiares de persoas afectadas polo Alzheimer e outras demencias que, tanto a nivel de apoio psicolóxico individual, como a nivel grupal, ofrezan ós/ás usuarios/as a posibilidade de compartir experiencias ou de asistir a xornadas de formación, sempre tendo en conta a necesidade de contar con servizos auxiliares de apoio. Neste sentido, son de especial interese experiencias locais de elevado éxito, como acontece no caso do Boqueixón, por exemplo, de cara á súa análise e transferencia.

Con todo, estes programas de apoio ós familiares e cuidadores non se deben circunscribir unicamente ó deseño de actividades específicas para este colectivo, senón que esta especificidade debe ser complementaria coa súa inclusión noutro tipo de actividades xerais deseñadas polo Concello (actividades culturais, deportivas, sendeirismo, lecer...) que deben contar coa posibilidade de acceder a servizos auxiliares para o coidado das persoas dependentes.

Neste sentido, recoméndase o deseño destas actividades de apoio a través da rede de actores liderada pola Deputación da Coruña, de tal xeito que a súa adaptación ás

circunstancias locais sexa realizada polos equipos técnicos municipais en virtude do coñecemento exhaustivo das problemáticas individuais das potenciais persoas usuarias.

Actuación 4.2.5: A definición dun programa de actuación conxunta cos Centros de Saúde.

Na liña do recollido sobre a colaboración e o traballo en rede entre a Deputación e os Colexios de Profesionais outro dos ámbitos nos que é necesario xerar metodoloxías e técnicas de actuación conxunta é no traballo cos Centros de Saúde como ámbito no que se detecta un salientable baleiro a nivel local.

Así, e dentro das posibilidades que abre o establecemento de redes de actuación cos Centros de Saúde, e na lóxica de xeración/rexeneración de hábitos comunitarios que fagan máis atractivo o territorio para a atracción/retención de poboación, sobre todo nos núcleos máis rurais, atópase o deseño (baixo criterios sanitarios) de actividades relacionadas coa activación física das persoas maiores aproveitando camiños tradicionais e roteiros recuperados, o deseño de obradoiros relacionados coa nutrición saudable, ou o deseño de actividades de información e orientación sobre saúde sexual nos IES. De tal xeito que, a participación conxunta dos Centros de Saúde cos equipos técnicos locais no co-deseño das medidas, na súa adaptación final ás circunstancias territoriais, e na súa implementación final proporcione iniciativas cun enfoque sociosanitario de proximidade.

Ademais, dun xeito complementario co SAF, a colaboración co sector saúde debe contemplar a redacción de protocolos conxuntos para situacións de emerxencia sanitaria nos domicilios para as persoas auxiliares do SAF.

Neste sentido, amósase preciso o establecemento de mesas de traballo comarcais cos Centros de Saúde, co obxectivo de compartir o deseño destes proxectos comúns, así como aterralos ó contexto de cada territorio.

Actuación 4.2.6: O deseño dun programa marco para a prevención en Centros Educativos.

Perante a fragmentación observada no relativo ós diferentes programas (ou ausencia deles) implementados nos Centros Educativos en relación á prevención, amósase preciso avanzar cara un modelo integrado de accións, adaptable a cada realidade territorial e a cada necesidade, que os Concellos de menos de 20.000 habitantes poñan a disposición dos Centros Educativos, tanto CEIP como IES.

Este programa marco, debe ser liderado dende a Deputación, e deseñado pola rede de actores en colaboración directa tanto cos equipos técnicos dos Concellos como cos Centros Educativos, detectando tanto as necesidades máis salientables como os enfoques máis acaídos. Unha vez deseñado o programa marco, as accións deben ser adaptables a cada

contexto, cada idade, e cada centro, elementos estes que serán as bases para o seu éxito. Ademais, o seu deseño será de carácter plurianual, facilitando a toma de datos para o seguimento e avaliación dos seus efectos e, polo tanto, para o seu redeseño.

Con todo, considérase que este programa marco debe responder a diferentes necesidades emerxentes como son, por exemplo, as adicións en xeral, con especial atención ás novas tecnoloxías (coas súas derivadas como poden ser as ludomanías ou os ciberacosos), a saúde afectivo-sexual, a diversidade, ou a educación viaria.

Actuación 4.2.7: A necesidade de fomentar e actualizar o modelo de Escolas de Nais e Pais.

Na actualidade as Escolas de Nais e Pais son ferramentas utilizadas por diferentes Concellos dende múltiples puntos de vista, salientando tanto os relacionados coa educación dos menores e a introdución de valores e hábitos que faciliten a convivencia, a comunicación e o seu desenvolvemento integral, como dende o punto de vista da xeración dun novo ámbito relacional para as familias.

Neste sentido, debido ó interese destas iniciativas, considérase preciso tanto fomentalas como actualizalas, sobre todo nos Concellos menores de 20.000 habitantes nos que tivo un especial éxito o Programa Preescolar na Casa, de cara á maximización das súas posibilidades. Así, a Rede de actores presentes no novo modelo de política de benestar, en coordinación directa cos Concellos e coas diferentes entidades prestadoras que na actualidade están a facerse cargo do servizo, establecerán medidas para a mellora na difusión das Escolas de Nais e Pais, así como para a actualización dos seus contidos, incluíndo entre outros aspectos os relacionados cos hábitos de alimentación saudable, sempre atendendo ás circunstancias locais.

Así mesmo, considérase básico estender este modelo ás denominadas Escolas de Avoas e Avós que, na actualidade e a raíz da problemática relacionada coa conciliación da vida familiar e laboral, están a desempeñar o rol de nais/pais ó longo de boa parte da semana. Deste xeito, e tendo en conta a diferenza nos roles das nais e pais dos roles das avoas e avós, é preciso ampliar o colectivo inicialmente obxectivo das Escolas de Nais e Pais, facendo especial fincapé, ademais de nos elementos xa mencionados, noutros relativos á transmisión cultural e de costumes, fomentando así tanto o elemento relacional social como o coñecemento interxeneracional.

Actuación 4.2.8: O deseño dun programa marco para o fomento do coñecemento da multiculturalidade.

Como se puido observar nas diferentes diagnoses elaboradas no conxunto de documentación do Plan de Acción de Servizos Sociais, un dos elementos que, a nivel xeral,

contribúen a equilibrar a demografía é o relacionado coa entrada de poboación que, nuns casos, se relaciona co retorno de persoas emigrantes e, noutros casos, coa inmigración, é dicir, con familias compostas tanto por membros en idade laboral como por menores en idade de acceder ó sistema educativo.

Neste sentido, considérase interesante avanzar dende a óptica da atención de carácter individual reactiva ás persoas inmigradas (centrada sobre todo en aspectos de carácter formal e administrativos) cara a óptica grupal e comunitaria, deseñando accións que, aprendendo e complementando as xa presentes nalgúns Concellos (sobre todo de maior volume, como é o caso de Arteixo ou Ribeira), contribúan tanto á mellor inclusión dos colectivos de inmigrantes na sociedade, como á mellora do coñecemento que a sociedade de acollida ten sobre a realidade sociocultural dos lugares de orixe destes colectivos.

Así, é preciso que a Rede de actores que integran o novo modelo de políticas locais de benestar deseñen un programa marco con diferentes accións, adaptables a cada realidade local, encamiñadas ó establecemento de liñas de colaboración estables con centros educativos e entidades sociais e asociativas, relacionadas co fomento da multiculturalidade (sobre todo nas Escolas Infantís, CEIP e IES, así como nas entidades asociativas sectoriais ou territoriais) e coa difusión e mellora do coñecemento da realidade das persoas inmigrantes, sempre co obxectivo de fomentar a mellora da calidade de vida e a loita contra a exclusión.

Ademais, estas accións deben ser complementarias ás propias de información, asesoramento e orientación de carácter xurídico, así como ó deseño de proxectos individualizados de inserción social, con especial énfase no eido laboral e no coñecemento dos idiomas oficiais de Galicia; elementos estes para os cales os equipos municipais de benestar contarán coa asistencia tanto dos equipos comarcais de benestar, como das diferentes ferramentas integradas no Centro de Recursos, salientando a asistencia xurídica especializada en materia de benestar que, neste eido, traballará en especial coordinación coas entidades sociais.

Cronograma da medida.

Eixo estratéxico 4: A proactividade como novo principio xeral de actuación das políticas de benestar.
Medida 4.2: A proactividade no deseño de programas a través da Rede de actores.

Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
-------	-------	-------	-------	-------	-------

Actuación 4.2.1: O deseño dun programa específico para a detección e tratamento da soidade.					
Actuación 4.2.2: O deseño dun programa marco específico para o voluntariado.					
Actuación 4.2.3: O deseño de programas de detección e prevención do deterioro cognitivo.					
Actuación 4.2.4: O traballo con persoas cuidadoras. Deseño e implementación de programas de apoio.					
Actuación 4.2.5: A definición dun programa de actuación conxunta cos Centros de Saúde					
Actuación 4.2.6: O deseño dun programa marco para a prevención en Centros Educativos.					
Actuación 4.2.7: A necesidade de fomentar e actualizar o modelo de Escolas de Nais e Pais.					
Actuación 4.2.8: O deseño dun programa marco para o fomento do coñecemento da multiculturalidade.					

3.5 EIXO ESTRATÉXICO 5: A APROXIMACIÓN INTEGRAL ÁS PROBLEMÁTICAS SOCIAIS COMO MULTIPLICADOR DOS EFECTOS.

Ó longo dos traballos realizados para a elaboración do Plan de Acción verificouse a necesidade de mellorar a multidiscipliniedade dos equipos de benestar locais a través da introdución de sistemas de apoio técnico que acheguen ópticas complementarias ás das profesionais que prestan servizo na actualidade, así como tamén se verifica a necesidade de *abrir* o foco das políticas de benestar locais a través da xeración de *coalicións de benestar* entre os diferentes departamentos das administracións (tanto dos Concellos como da Deputación). Este novo enfoque achegará unha maior profundidade ás accións emprendidas e un maior abano de áreas de intervención para as políticas de benestar, ampliando o seu perímetro a novos eidos nos que, na actualidade, se estaba a traballar de xeito tanxencial pero que teñen unha salientable relación coa mellora da calidade de vida da poboación.

Neste sentido, xa foron expostas actuacións encaradas na mellora do apoio técnico e metodolóxico a recibir por parte dos equipos técnicos municipais dende a óptica da multidiscipliniedade, así como a mellora do sistema de financiamento dos departamentos de benestar locais por parte da Deputación, así como diferentes accións enmarcadas na devandita xeración de *coalicións de benestar*, debendo neste punto avanzar no deseño de actuacións concretas dentro deste marco de actuación.

Este é o caso, por exemplo, das sinerxias xa mencionadas con respecto ós departamentos municipais de urbanismo ou vivenda coa posibilidade da incidencia dende a óptica do benestar no deseño de medidas para a rehabilitación de vivendas atendendo ás necesidades propias dun contexto demográfico como o galego. Pero este tamén é o caso da potencialidade da incidencia que dende os departamentos de promoción económica e emprego, de ensino, ou de cultura e deportes, se pode desenvolver en relación á exclusión social ou á pobreza infantil. É dicir, trátase da xeración de xeitos de actuar conxuntos que unan a actividade dos departamentos encargados de ofrecer servizos ás persoas.

A través desta coordinación inter-departamental é posible a aplicación dun concepto amplo de benestar a través do liderado público local, apoiado dende a Rede, que será reforzado con diferentes medidas encabezadas por diferentes departamentos municipais que sempre terán como *leitmotiv* a procura do benestar da cidadanía. Este novo xeito de actuar tecendo complicidades internas potenciará o alcance das políticas ó mesmo tempo que permitirá incorporar novas visións técnicas sectoriais para enriquecelas.

Medida 5.1: Definición de programas para atención integral das problemáticas sociais.

As situacións e problemáticas sociais comportan unha multitude de aspectos sobre os que é preciso incidir para podelas modificar. Así, dende os equipos de benestar locais é necesario traballar dende

unha óptica multidisciplinar que achegue profundidade ás accións emprendidas así como un maior abano de áreas de intervención que contribúan a mellorar a calidade de vida da poboación.

Por elo, a integralidade é un dos elementos fundamentais no deseño de programas que, por unha parte, melloren e reforen as dinámicas de traballo conxunto entre os diferentes departamentos encargados de ofrecer servizos ás persoas e, por outra, contribúan a dar resposta ás situacións sociais da poboación nas súas diferentes dimensións .

Actuación 5.1.1: Deseño dun proxecto piloto para a mellora do SAF a través da Terapia Ocupacional.

O SAF é un servizo que na actualidade está a ocupar un volume importante de recursos municipais, chegando a numerosos fogares da provincia e amosando a posibilidade de xerar novas intervencións con maior profundidade, sobre todo tendo en conta o profundo proceso de avellentamento do territorio.

Este é o obxecto do proxecto piloto que se recomenda acometer, dotando ós equipos SAF dun apoio en materia de Terapia Ocupacional que, para cada fogar e en virtude dos informes técnicos previos correspondentes, elabore un estudo de adaptación funcional e prevención de caídas. Estas funcións serán complementadas con accións formativas, utilización de axudas técnicas e accións complementarias como os Servizos de Estimulación Terapéutica ou accións relacionadas coa estimulación da memoria descentralizados onde o profesional da Terapia Ocupacional, en coordinación co resto do equipo de benestar, realizará actividades de reactivación e de prevención.

Ademais é preciso facer unha especial referencia ás posibilidades que a Terapia Ocupacional ten en relación á formación das persoas integrantes nos equipos SAF para mellorar as súas habilidades e coñecemento, así como para o asesoramento ás familias coidadoras tanto en materia de accesibilidade e adaptación dos fogares como en materia de adquisición de axudas técnicas.

Actuación 5.1.2: Deseño de protocolos de actuación para intervencións derivadas do SAF.

O SAF é un servizo que nos Concellos de menos de 20.000 habitantes está a chegar a máis de 8.000 fogares no ano 2018, polo que a súa elevada capilaridade convérteo nunha fonte de información dun enorme valor para os departamentos locais de benestar.

Neste sentido, é preciso aproveitar este caudal para xerar novas intervencións que superen a atención directa ó/á usuario/a e que se focalicen, entre outras, na valoración da (I) necesidade de realizar obras de rehabilitación, accesibilidade, mellora da eficiencia enerxética ou mellora da habitabilidade das vivendas; e (II) a necesidade de realizar

intervencións coas familias e coas persoas cuidadoras principais en materia de formación, respiro ou apoio psicolóxico a nivel individual e grupal.

A actuación dos departamentos de benestar municipais nestes aspectos é fragmentada, polo que é preciso crear procedementos para a intervención e homoxeneizala, sobre todo tendo en conta a importancia das devanditas actuacións.

Así, dentro da redefinición do rol da Deputación afondando na función da asistencia técnica, recoméndase o deseño de protocolos internos de actuación dos diferentes departamentos municipais (SAF, equipo técnico de benestar, urbanismo...) en relación á redacción (de ser preciso, e en colaboración con actores sectoriais de importante relevancia como poden ser as Universidades ou o COAG, ou coas propias entidades dependentes da Deputación, como pode ser a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) de proxectos de obras de mellora da habitabilidade dos fogares e de solicitude de apoio económico (de ser o caso); en tanto que tamén se recomenda tal, como se menciona con anterioridade, a expansión dos programas de atención ás persoas cuidadoras ou de intermediación en conflitos familiares, de acontecer, para o cal o liderado da Deputación na rede de actores é central.

Neste sentido, é importante salientar que na provincia é preciso avanzar na mellora da habitabilidade das vivendas e da adaptación das súas estruturas e servizos, así como da súa accesibilidade, atendendo sobre todo ás necesidades das persoas maiores. Esta liña de actuación, que ten no SAF unha fonte de información básica, segue o traballo do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) e das súas intervencións relacionadas coa creación de contornas amigables – housing para as persoas maiores.

Actuación 5.1.3. A mellora da habitabilidade e accesibilidade das vivendas en clave de benestar.

A actividade dos departamentos de benestar, sobre todo a raíz da entrada nos fogares tanto do diferente persoal técnico como do persoal auxiliar do SAF, xera unha importante cantidade de información que debe ser aproveitada para detonar novas intervencións. Entre estas novas intervencións atópanse, por exemplo, aquelas máis focalizadas nos servizos de benestar como poden ser as accións con persoas cuidadoras, o acceso a programas como Teleasistencia, ou diferentes tipos de acompañamentos, pero tamén salientan outras relacionadas con outros eidos que, na actualidade, estanse a tratar de xeito limitado. Este é o caso das necesidades das vivendas en termos de habilitación ou accesibilidade.

Para afrontar estes traballos, considérase importante que a Deputación lidere unha acción, en coordinación con outros actores como poden ser as Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela, o Colexio Oficial de Arquitectura de Galicia e a Fundación Axencia

Enerxética Provincial de A Coruña co obxectivo de deseñar un protocolo de actuación a seguir á hora de detectar puntos críticos nas vivendas especialmente relacionados coas humidades, coa climatización e eficiencia enerxética, e coa accesibilidade en baños.

Este protocolo de actuación incluírá o deseño de proxectos de mellora en coordinación cos departamentos de vivenda ou urbanismo dos Concellos, atendendo ás diferentes circunstancias das vivendas así como á súa localización, para o que se prestará especial atención ás vivendas situadas en núcleos históricos de vilas.

Este programa marco para os Concellos de menos de 20.000 habitantes, ademais, deberá ir dotado de recursos económicos para que as familias poidan afrontar as obras máis urxentes e importantes, en tanto que se recomenda que para acometer as devanditas obras os departamentos locais de promoción económica poñan a disposición das familias información sobre as diferentes empresas de proximidade especializadas na realización destes traballos, o cal supón un impacto en termos de xeración de economías de proximidade.

Actuación 5.1.4: Actualización de programas e actuacións dirixidas ás persoas maiores.

Na actualidade as actividades relacionadas co envellecemento activo ou, en termos xerais, dirixidas ás persoas maiores, son un elemento común a tódolos Concellos da provincia que amosan, como se mencionou con anterioridade, non só unha importante vitalidade, éxito e demanda entre os colectivos obxectivo. Con todo, é preciso salientar que, se ben se verifica un importante éxito destas actividades á hora de mellorar a socialización das persoas maiores, tamén se verifica que a estas actividades non captan a posibles persoas usuarias en risco de soidade, para as cales é preciso o deseño específico de programas, á vez que se debe producir unha actualización xeral das actividades dirixidas ás persoas maiores, tendo en conta a evolución nos perfís das mesmas.

Neste sentido, é posible introducir novos elementos dentro do deseño das programacións co obxectivo de avanzar na súa actualización e incremento da profundidade das mesmas. Así, por exemplo, é posible mellorar no deseño de actividades interxeneracionais tanto a través do contacto entre a programación de accións para as persoas maiores cos centros educativos, como a través da programación de accións para persoas maiores que se vencellen con entidades sociais ou veciñais nas que se integre de xeito explícito á mocidade ou á infancia. Este é un exemplo de posibilidades de ampliación do alcance das actividades dirixidas ás persoas maiores que, en termos xerais, deben ser obxecto de actualización metodolóxica e de innovación.

Ademais, é preciso indicar que a curto/medio prazo vai haber un troco substancial dos perfís de persoas maiores usuarias destas actividades, emerxendo un tipo de persoa maior activa, usuaria da tecnoloxía e con inquedanzas de carácter cultural; características estas ás que se deben adaptar as programacións actuais para manter a súa vitalidade e éxito.

Así, ábrese a posibilidade de introducir a óptica do benestar nas actividades desenvolvidas relacionadas co sendeirismo, coas novas tecnoloxías, ou coa organización de viaxes e excursións, potenciando o seu contido cultural, de recuperación etnográfica e, na liña do mencionado con anterioridade, aproveitando para a introdución da óptica interxeneracional.

Todos estes son aspectos a ter en conta por parte da rede de actores encargados da actualización e deseño de novos programas e actividades dirixidas ás persoas maiores.

Un dos aspectos clave para a implementación desta actuación a través da incorporación de enfoques culturais na programación de actividades para as persoas maiores, é a existencia de financiamento da Deputación da Coruña para a dotación de persoal técnico para as áreas de cultura municipais. Neste sentido, é preciso ampliar o abano de funcións deste persoal para, de xeito coordinado cos departamentos de benestar municipais, co-deseñen actividades a nivel local atractivas e actualizadas que capten a novas persoas usuarias, sempre na liña da mellora da autonomía relacional das persoas e da recuperación de hábitos comunitarios.

Actuación 5.1.5: Definición de programas interxeneracionais.

Seguindo a liña do mencionado en anteriores actuacións sobre a actuación da rede de actores que, a nivel central, deseñen programas relacionados con diferentes baleiros detectados no territorio, un dos resultados desta rede debe ser a o deseño dun programa, adaptable a cada contexto territorial, onde se establezan vencellos comunitarios e interxeneracionais entre as persoas maiores asistentes ás actividades de benestar e o alumnado dos CEIP e IES. Estas accións interxeneracionais, como se pode comprobar, teñen unha salientable multifuncionalidade, debendo ser aproveitadas para, dende o punto de vista comunitario, contribuír ó reforzo das relacións sociais entre as persoas maiores, de tal xeito que se constitúen como ferramentas de salientable utilidade á hora tanto de incidir no avellentamento activo como á hora de incidir na soidade.

Neste sentido, este programa debe ser ampliado incluíndo experiencias que, tanto desenvolvidas polos Concellos como polas entidades asociativas ou culturais en activo a nivel municipal ou parroquial, son de especial interese pola potencialidade interxeneracional que teñen.

Como se mencionaba con anterioridade, de cara á mellora e consolidación das redes comunitarias nas que se integran as persoas maiores, así como para facilitar a transmisión de cultura e valores, considérase de interese potenciar a transmisión destas experiencias ó alumnado dos CEIP e dos IES coa colaboración das ANPAS, facilitando deste xeito a integración de pais e nais nestas experiencias.

Neste sentido, é posible aproveitar o coñecemento xurdido nos Obradoiros de Memoria que os Concellos teñen como unha das súas principais actividades, así como outras actividades especificamente desenvolvidas polas persoas maiores, de cara ó seu pulo e ampliación

sempre dende o punto de vista da integración na programación xeral dos Concellos e do incremento da colaboración cos centros educativos.

Deste xeito, os obradoiros e actuacións multisectoriais mencionadas xerarán novas redes de socialización das persoas maiores, elemento este que para ser maximizado debe ir acompañado dun especial esforzo de difusión das iniciativas e captación de usuarios/as, superando os colectivos que tradicionalmente asisten de xeito asiduo ás diferentes actividades de benestar.

Actuación 5.1.6: O deseño dun programa marco de nutrición saudable de proximidade nos comedores escolares.

Na actualidade, unha das principais derivadas da desigualdade económica provocada, en grande medida, pola recente crise económica, é a relacionada coa pobreza e o risco de exclusión infantil.

Este risco de exclusión infantil afecta á nutrición dos nenos e nenas, que en vez de caracterizarse polo consumo de alimentos saudables, se centra en consumo de procesados de baixo valor nutricional e baixo custo, afectando polo tanto ó seu desenvolvemento físico e mental, ó mesmo tempo que incide de xeito substancial no seu desenvolvemento académico.

Para paliar este fenómeno é posible o desenvolvemento dun programa de almozos saudables de proximidade que, co obxectivo explícito de fomentar o consumo de alimentos de proximidade non procesados, tamén conta co obxectivo implícito de garantir o axeitado almorzo de todo o alumnado dos CEIP ou dos IES sen establecer diferenzas entre eles.

Este programa, a liderar dende a Deputación en coordinación directa cos departamentos de benestar locais e cos departamentos de promoción económica municipais, suporía a posta en contacto de (I) produtores, (II) persoal especializado en nutrición, (III) cociñas e/ou servizos de alimentación dos centros educativos, (IV) profesorado, (V) alumnado, e (V) ANPAS; para o cal se debe contar co apoio tanto das diferentes concellerías municipais (con especial atención a promoción económica e emprego pola súa relación cos produtores de proximidade), así como da dirección dos centros educativos.

Este programa é necesario reforzalo con iniciativas de información, concienciación e formación das nais e pais do alumando, para así contribuír a corrixir as posibles malas prácticas alimentarias que afectan á alimentación dos menores e mellorar os hábitos de alimentación saudable de toda a familia.

Actuación 5.1.7. A mobilidade e o deseño de sistemas de transporte público local nos Concellos menores de 20.000 habitantes.

Na actualidade a mobilidade local, a pesar do traballo que está a facer a Xunta de Galicia a través do Plan de Transporte Público de Galicia, está considerada como un importante problema que conta con importantes efectos a nivel do benestar e da calidade de vida da poboación, sobre todo dos núcleos máis rurais por onde non están a circular as grandes liñas.

Neste sentido, a presente actuación céntrase na análise, liderada dende a Deputación a través da colaboración coas Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela e cos Concellos de menos de 20.000 habitantes, das necesidades de mobilidade destes Concellos, de tal xeito que se considera preciso actuar dende un dobre punto de vista en relación á devandita mobilidade de xeito complementario coa actual oferta e posibilidades abertas dende a Xunta de Galicia.

En primeiro lugar, analizando problemáticas locais e deseñando alternativas para os sistemas de transporte municipais que conecten as parroquias e núcleos rurais coas centralidades, difundido a súa existencia e fomentando o seu uso entre a poboación.

En segundo lugar, mellorando a conectividade dos sistemas locais coas grandes rutas. Neste sentido é preciso ter en conta os fluxos, horarios e centralidades xa que, a nivel comarcal, deberanse atender ós fluxos e necesidades dos diferentes equipamentos de carácter empresarial ou sanitario, por exemplo, que atraen importantes cantidades de persoas traballadoras e usuarios que se constitúen como auténticas centralidades e nós de comunicación con necesidades propias ós que é preciso responder.

Ademais, estes sistemas de transporte local, e o deseño da rede de conectividade co sistema supralocal, deben ser deseñados atendendo a múltiples criterios que van dende a mellora da interacción social das persoas maiores que residen en núcleos rurais (facilitando visitas ós Centros de Saúde ou a organismos oficiais, por exemplo), da mocidade que reside en núcleos urbanos ou rurais (facilitando a mobilidade en relación á escola ou ó lecer), ou das persoas en idade activa (facilitando a mobilidade para acceder ás centralidades laborais).

Para afrontar este deseño de sistemas de transporte público local é preciso atender á presenza de exemplos comparados, tales como son os de Arteixo ou Teo, en tanto que tamén é preciso analizar a vixencia de sistemas de diferente alcance como son os implantados noutros Concellos, como pode ser o caso de Boimorto, Toques ou Cabanas, entre outros.

Así mesmo, e na liña do recollido na actuación 4.2.6 como parte dos programas de colaboración, é necesario difundir e fomentar experiencias como o Pedibús ou os Camiños Escolares Seguros, iniciativas levadas adiante en diferentes Concellos da provincia relacionadas coa mobilidade urbana e coas escolas, onde se vencellan tanto a devandita mobilidade como as prácticas saudables.

Finalmente, dentro deste programa, tamén é preciso iniciar accións de información/sensibilización/concienciación sobre o axeitado uso de vehículos sen carné que, en colaboración coas autoridades de seguridade viaria, protección civil e tráfico, incidan sobre o colectivo obxectivo de persoas maiores.

Cronograma da medida.

Eixo estratéxico 5: A aproximación integral ás problemáticas sociais como multiplicador dos efectos.

Medida 5.1: Definición de programas para atención integral das problemáticas sociais.

Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
-------	-------	-------	-------	-------	-------

Actuación 5.1.1: Deseño dun proxecto piloto para a mellora do SAF a través da Terapia Ocupacional.					
Actuación 5.1.2: Deseño de protocolos de actuación para intervencións derivadas do SAF.					
Actuación 5.1.3: A mellora da habitabilidade e accesibilidade das vivendas en clave de benestar.					
Actuación 5.1.4: Actualización de programas e actuacións dirixidas ás persoas maiores.					
Actuación 5.1.5: Definición de programas interxeneracionais.					
Actuación 5.1.6: O deseño dun programa marco de nutrición saudable de proximidade nos comedores escolares.					
Actuación 5.1.7: A mobilidade e o deseño de sistemas de transporte público local nos Concellos menores de 20.000 habitantes.					

4. O sistema de seguimento, control e avaliación.

Para poder contar coa información necesaria para unha toma de decisións informada con respecto á evolución do Plan, é fundamental contar cun sistema de seguimento que forneza de datos oficiais e contrastables ás entidades responsables.

4.1 O SISTEMA DE SEGUIMENTO E CONTROL DO PLAN.

O sistema de seguimento do Plan de Acción de Servizos Sociais fornecerase tanto de datos propios da Deputación como da información oficial municipal que vaian xerando os equipos municipais. Este sistema completarase co acompañamento que os equipos técnicos comarcais prestarán ós equipos locais atendendo á planificación comarcal realizada e terá como ente encargado para a realización do seguimento ó Equipo Técnico Coordinador central que responderá ante a Comisión de Seguimento, conformada polo equipo técnico e a persoa Deputada delegada de Benestar.

Un elemento sobre o que é preciso facer un especial esforzo en termos de seguimento e control, é o relacionado coa actuación 3.1.1 (plan de financiamento plurianual), da cal depende boa parte da arquitectura final do Plan e que garante a estabilidade dos equipos técnicos complementarios e administrativos dos Concellos. Neste sentido, co obxectivo de contar con datos actualizados dos Concellos menores de 20.000 habitantes, e en tanto non se operativice a actuación 1.2.8 (sistemas informatizados de control de xestión) destinada ó fornecemento e homoxeneización dos sistemas de información, e a actuación 1.1.4 destinada á creación de equipos comarcais; a Área de Benestar da Deputación da Coruña solicitará ós Concellos datos actualizados dos Concellos (I) o número de profesionais técnicos en activo financiados; (II) o número de horas de SAF libre concorrencia financiadas executadas; e (III) o estado de execución das accións financiadas. Esta información será analizada pola Comisión de Seguimento do Plan, para o cal se integrarán os datos nos Informes de Avance Semestrais e será a base para os seguintes indicadores de seguimento:

1. Indicador do Financiamento dos Recursos Humanos. Por cada posto financiado, seguirase a execución orzamentaria do recurso financiado atendendo a:

$$\text{Grao de excución} = \left(\frac{\text{Orzamento executado}}{\text{Orzamento financiado}} \right) \times 100$$

2. Indicador do Financiamento do SAF Libre Concorrencia.

$$\text{Grao de excución} = \left(\frac{\text{Horas SAF executadas}}{\text{Horas SAF financiadas}} \right) \times 100$$

3. Indicador do Financiamento das Actividades. Atendendo á definición das Actividades financiadas pola Área de Benestar ó Concello inseridas dentro do Plan de Acción, realizarase o seguimento da execución orzamentaria das mesmas en función do seguinte indicador:

$$\text{Grao de excución} = \left(\frac{\text{Orzamento executado}}{\text{Orzamento financiado}} \right) \times 100$$

Estes indicadores básicos de seguimento da actuación 3.1.1 serán os que se tomen en conta á hora de analizar os resultados anuais do novo sistema purianual de financiamento, sobre os seus efectos na incorporación efectiva de persoal, e sobre a efectividade cruzada das actuacións deseñadas para a mellora do rendemento do SAF libre concorrencia.

Por outra parte, é necesario medir o grao de cumprimento do Plan en función tanto no cronograma definido no Plan como nas planificacións anuais definidas polo Equipo Técnico Coordinador e a Comisión de Seguimento do Plan. Neste sentido, no anexo recóllese por cada unha das medidas e actuacións definidas no Plan os principais indicadores de seguimento a medir, que serán completados cos definidos polo Equipo Técnico Coordinador nas planificacións anuais.

4.2 A COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

A Comisión de Seguimento será a órgano responsable do seguimento e control do Plan de Acción de Servizos Sociais que, como se acaba de indicar, estará formada polo Equipo Técnico do Plan e a persoa Deputada delegada de Benestar.

As principais funcións da Comisión de Seguimento son a de planificación, aprobación e seguimento dos avances, traballos e medidas que se desenvolvan no marco de execución do Plan de Acción.

Para acometer estas funcións a **Comisión reunirase**:

- ✓ Unha vez ó ano, para definir as principais medidas a implementar ó longo do ano, priorizando as medidas a asumir en cada anualidade dentro das contempladas no Plan de Acción, pilotando o seu desenvolvemento. Será responsabilidade do Equipo Técnico Coordinador a redacción da Planificación Anual do Plan a validar pola Comisión de Seguimento.
- ✓ De xeito semestral, para analizar a evolución do Plan, sendo responsabilidade do Equipo Técnico Coordinador a redacción de **Informes de Avance Semestrais** que serán trasladados á devandita Comisión para a súa discusión.

Os Informes de Avance Semestrais recollerán o estado de desenvolvemento dos eixos, das medidas e das actuacións integradas en cada eixo, tendo en conta a temporalización determinada no Plan de Acción, sendo responsabilidade do Equipo Técnico trasladar nos Informes á Comisión tanto as dificultades e necesidades de reprogramación, como os principais fitos internos a acadar dentro de cada medida para operativizala.

- ✓ Anualmente con cada unha das 18 comarcas da provincia, para determinar de xeito conxunto o nivel de execución das actuacións, os seus resultados así como as necesidades de axuste necesarias para acometer os obxectivos definidos en cada unha delas, xa que dentro das funcións da Comisión de Seguimento atópase tamén a relacionada coa actividade dos Concellos e coas actuacións deseñadas a nivel comarcal.

Este elemento é central para testar, por unha banda, a vitalidade da rede, en tanto que por outra banda é básico á hora de achegarse ás diferentes actividades de execución local financiadas pola nova modalidade da Área de Benestar da Deputación. As reunións comarcais, os seus contidos e conclusións integraranse dentro dos **Informes Anuais Comarcais** dentro do sistema xeral de seguimento da actividade xerada polo Plan de Acción.

4.3 A AVALIACIÓN DO PLAN.

A avaliación do Plan de Acción contéplase tanto como un sistema organizado e coherente de seguimento das actuacións levadas a cabo no desenvolvemento do Plan como un sistema de valoración sobre os traballos acometidos.

Neste sentido, a información de carácter orzamentario, así como a relacionada cos recursos humanos que se atopan en activo nos servizos de benestar locais, e a información relacionada coas actividades enmarcadas no seo do Plan, tanto as levadas a cabo polos Concellos, polos equipos comarcais, pola Área de Benestar da Deputación, como polas entidades sociais, integrará o **Informe Anual da Rede**, contemplando ademais as achegas das entidades profesionais integrantes da Rede.

Así mesmo, considérase a realización dunha **Avaliación Intermedia** no Ano 3. Esta avaliación debe ter un contido relacionado coa temporalización da implementación das diferentes actuacións, así como coa valoración da rede de actores integrantes do Plan, de tal xeito que se establezan liñas de mellora, novas actuacións ou reprogramacións para o período final.

Ademais, no Ano 6, unha vez rematada a implementación do Plan, é preciso acometer unha **Avaliación Final** do Plan de Acción de xeito coherente coa avaliación intermedia, que permita non só realizar unha recompilación final de resultados (avaliación de resultados), senón observar a evolución dos servizos locais de benestar e a efectividade do apoio da Deputación (avaliación de impacto), das percepcións da rede de actores (avaliación de rede), así como avanzar novas necesidades sociais ás que se debe responder dende a actuación pública tendo en conta os alicerces asentados ó longo da execución do actual Plan.

5. Cronograma do Plan de Acción de Servizos Sociais.

A implementación do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña levarase a cabo ó longo dun período temporal de 5 anos nos que, de xeito progresivo ó tempo que paralelo, iranse desenvolvendo e materializando as diferentes medidas recollidas neste Plan, co obxectivo de dar resposta a un novo modelo de política de benestar máis axeitado ó contexto social actual.

A temporalización da implementación recollida neste punto establécese como un óptimo no que dar resposta ós diferentes eixos do Plan de Acción, pero a adaptabilidade da temporalización á propia dinámica do Plan así como ó seu propio desenvolvemento debe ser unha prioridade que garante a execución do mesmo.

	Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
Eixo estratéxico 1: A Creación e consolidación dun Modelo Integrado de políticas locais de benestar.						
<i>Medida 1.1: A conformación do Sistema de apoio técnico ós equipos municipais. A coordinación.</i>						
Actuación 1.1.1: A creación do Servizo de Benestar da Deputación da Coruña.						
Actuación 1.1.2: A creación do equipo técnico coordinador a nivel central.						
Actuación 1.1.3: A identificación de comarcas piloto para a posta en marcha da Rede de Concellos.						
Actuación 1.1.4: A creación dos equipos comarcais.						
<i>Medida 1.2: A conformación do Sistema de apoio técnico ós equipos municipais. A creación dun Centro de Recursos.</i>						
Actuación 1.2.1: A configuración dun Centro de Recursos a disposición dos equipos municipais.						
Actuación 1.2.2: Os contidos do Centro de Recursos: O Buscador de Equipamentos.						
Actuación 1.2.3: Os contidos do Centro de Recursos: A galería de experiencias locais de Benestar.						
Actuación 1.2.4: Os contidos do Centro de Recursos: A Biblioteca especializada.						
Actuación 1.2.5: Os contidos do Centro de Recursos: Os informes propios.						
Actuación 1.2.6: Os contidos do Centro de Recursos: A asesoría xurídica de benestar.						
Actuación 1.2.7: Os contidos do Centro de Recursos: A análise das condicións laborais do SAF para garantir un sector económico de proximidade atractivo.						
Actuación 1.2.8: Os contidos do Centro de Recursos: Os sistemas informatizados de control de xestión.						
Actuación 1.2.9: Os contidos do Centro de Recursos: O Plan de Formación en Benestar.						
Actuación 1.2.10: Os contidos do Centro de Recursos: O deseño de espazos de reflexión conxunta.						
Eixo estratéxico 2: A Creación dun Modelo Relacional de políticas locais de benestar. A interdependencia.						
<i>Medida 2.1: A mellora do coñecemento dos actores sociais presentes no territorio. As Redes Comarcais de entidades para o Benestar.</i>						
Actuación 2.1.1: Artellar visitas ós centros e equipamentos do territorio.						
Actuación 2.1.2: O redeseño do financiamento da Deputación ás entidades sociais. A coordinación territorial e a creación de redes comarcais de entidades para o benestar.						
<i>Medida 2.2: A ampliación do abano de actores participantes na Rede.</i>						
Actuación 2.2.1: Deseño dun marco de relación e colaboración coas Universidades e os Colexios profesionais.						
Actuación 2.2.2: Deseño e Convocatoria de Premios para a produción técnica e científica especializada en benestar, e para o desenvolvemento de proxectos no territorio.						
Actuación 2.2.3: Integración da Deputación da Coruña no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.						
Actuación 2.2.4: Os Centros de Saúde e os Centros Educativos no centro da ampliación dos actores da rede.						
Actuación 2.2.5: As entidades asociativas do territorio como ferramentas de benestar.						
Actuación 2.2.6: A ampliación interna. Os departamentos de promoción económica e cultura dos Concellos e da Deputación.						

	Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
Eixo estratéxico 3: A Estabilidade como fundamento das políticas locais de benestar.						
<i>Medida 3.1: Conformación dun sistema de financiamento plurianual para os servizos sociais comunitarios municipais.</i>						
Actuación 3.1.1: Plan de financiamento plurianual para os servizos sociais comunitarios municipais dos Concellos de menos de 20.000 habitantes.						
Actuación 3.1.2: O efecto centralidade e o establecemento de axendas conxuntas cos Concellos maiores de 20.000 habitantes.						
Actuación 3.1.3: Deseño da ferramenta de colaboración entre a Deputación da Coruña e os Concellos da provincia. O redeseño do FOPSS.						
<i>Medida 3.2: O redeseño do sistema de financiamento para as entidades do TSAS. A plurianualidade.</i>						
Actuación 3.2.1: Deseño dun Plan de financiamento plurianual para as entidades do TSAS.						

Eixo estratéxico 4: A proactividade como novo principio xeral de actuación das políticas de benestar.						
<i>Medida 4.1: A proactividade no deseño de programas propios por parte da Deputación.</i>						
Actuación 4.1.1: Fomento do uso das ferramentas da contratación pública socialmente responsable na Deputación e nos Concellos.						
Actuación 4.1.2: O deseño e implementación de accións formativas no territorio para o aproveitamento do SAF como xacemento de emprego de proximidade.						
Actuación 4.1.3: O programa de Teleasistencia. A importancia da difusión e a súa ampliación do programa.						
Actuación 4.1.4: A mellora das axudas de emerxencia social a través do establecemento de convenios.						
Actuación 4.1.5: O Programa "O Mar na Escola".						
Actuación 4.1.6: Fomento dunha alimentación saudable a través dos programas e actividades para menores.						
<i>Medida 4.2: A proactividade no deseño de programas a través da Rede de actores.</i>						
Actuación 4.2.1: O deseño dun programa específico para a detección e tratamento da soidade.						
Actuación 4.2.2: O deseño dun programa marco específico para o voluntariado.						
Actuación 4.2.3: O deseño de programas de detección e prevención do deterioro cognitivo.						
Actuación 4.2.4: O traballo con persoas cuidadoras. Deseño e implementación de programas de apoio.						
Actuación 4.2.5: A definición dun programa de actuación conxunta cos Centros de Saúde						
Actuación 4.2.6: O deseño dun programa marco para a prevención en Centros Educativos.						
Actuación 4.2.7: A necesidade de fomentar e actualizar o modelo de Escolas de Nais e Pais.						
Actuación 4.2.8: O deseño dun programa marco para o fomento do coñecemento da multiculturalidade.						

Eixo estratéxico 5: A aproximación integral ás problemáticas sociais como multiplicador dos efectos.						
<i>Medida 5.1: Definición de programas para atención integral das problemáticas sociais.</i>						
Actuación 5.1.1: Deseño dun proxecto piloto para a mellora do SAF a través da Terapia Ocupacional.						
Actuación 5.1.2: Deseño de protocolos de actuación para intervencións derivadas do SAF.						
Actuación 5.1.3: A mellora da habitabilidade e accesibilidade das vivendas en clave de benestar.						
Actuación 5.1.4: Actualización de programas e actuacións dirixidas ás persoas maiores.						
Actuación 5.1.5: Definición de programas interxeneracionais.						
Actuación 5.1.6: O deseño dun programa marco de nutrición saudable de proximidade nos comedores escolares.						
Actuación 5.1.7: A mobilidade e o deseño de sistemas de transporte público local nos Concellos menores de 20.000 habitantes.						

6. Anexo.

6.1 INDICADORES DE SEGUIMIENTO DAS ACTUACIÓNS.

EIXO ESTRATÉXICO 1: A CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DUN MODELO INTEGRADO DE POLÍTICAS LOCAIS DE BENESTAR.

Medida 1.1: A conformación do Sistema de apoio técnico ós equipos municipais. A coordinación.

Actuacións	Indicadores de Seguimento
Actuación 1.1.1: A creación do Servizo de Benestar da Deputación da Coruña.	– Servizo de Benestar operativo e presente no organigrama da Deputación da Coruña
Actuación 1.1.2: A creación do equipo técnico coordinador a nivel central.	– Dotación de recursos humanos para a conformación do Equipo Técnico coordinador do Plan de Acción de Servizos Sociais e inicio da súa actividade.
Actuación 1.1.3: A identificación de comarcas piloto para a posta en marcha da Rede de Concellos.	– Nº de comarcas piloto identificadas. – Nº de comarcas piloto nas que poñer en marcha a Rede de Concellos.
Actuación 1.1.4: A creación dos equipos comarcais.	– Nº de equipos comarcais creados.

Medida 1.2: A conformación do Sistema de apoio técnico ós equipos municipais. A creación dun Centro de Recursos.

Actuacións	Indicadores de Seguimento
Actuación 1.2.1: A configuración dun Centro de Recursos a disposición dos equipos municipais.	– Creación do Centro de Recursos
Actuación 1.2.2: Os contidos do Centro de Recursos: O Buscador de Equipamentos.	– Buscador de Equipamentos na páxina web oficial da Deputación – Nº de Concellos que teñen o Buscador de Equipamentos na súa páxina web oficial – Celebración de Convenio coa Consellería de Política Social para a actualización do Buscador de Equipamentos coa información do RUEPSS
Actuación 1.2.3: Os contidos do Centro de Recursos: A galería de experiencias locais de Benestar.	– Nº de novas experiencias incluídas na galería de experiencias locais de benestar
Actuación 1.2.4: Os contidos do Centro de Recursos: A Biblioteca especializada.	– Nº de documentación que forma parte Biblioteca especializada en Benestar – Nº de novos documentos incluídos na Biblioteca especializada en Benestar
Actuación 1.2.5: Os contidos do Centro de Recursos: Os informes propios.	– Nº de informes/documentos elaborados relacionados con metodoloxías de intervención. – Nº de informes/ documentos elaborados de carácter sectorial. – Nº de informes/ documentos elaborados relacionados con ferramentas de planificación e xestión de servizos de

Medida 1.2: A conformación do Sistema de apoio técnico ós equipos municipais. A creación dun Centro de Recursos.

Actuacións	Indicadores de Seguimento
	<ul style="list-style-type: none"> benestar. Nº de informes/ documentos elaborados en relación á análise e avaliación de servizos, programas ou políticas de benestar locais.
Actuación 1.2.6: Os contidos do Centro de Recursos: A asesoría xurídica de benestar.	<ul style="list-style-type: none"> Dotación de recursos humanos para a Asesoría Xurídica. Elaboración de modelos tipo de licitación para os servizos de benestar municipais Elaboración de modelos tipo de ordenanzas de benestar. Elaboración de modelos tipo de bases para procesos de selección de persoal relacionados co benestar Nº e ámbito das consultas recibidas por parte dos equipos municipais
Actuación 1.2.7: Os contidos do Centro de Recursos: A análise das condicións laborais do SAF para garantir un sector económico de proximidade atractivo.	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración da Guía de recomendacións básicas para as condicións do SAF externalizado.
Actuación 1.2.8: Os contidos do Centro de Recursos: Os sistemas informatizados de control de xestión.	<ul style="list-style-type: none"> Deseño da ferramenta informática. Nº de concellos que empregan a ferramenta de control de xestión.
Actuación 1.2.9: Os contidos do Centro de Recursos: O Plan de Formación en Benestar.	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun Plan de Formación en Benestar Nº e ámbitos dos cursos formativos ofrecidos ós equipos de benestar dos Concellos. Nº de participantes nos cursos. Nº de cursos impartidos de xeito descentralizado.
Actuación 1.2.10: Os contidos do Centro de Recursos: O deseño de espazos de reflexión conxunta.	<ul style="list-style-type: none"> Nº de espazos de reflexión convocados. Nº de participantes. Nº de espazos de reflexión celebrados de xeito descentralizado.

EIXO ESTRATÉXICO 2: A CREACIÓN DUN MODELO RELACIONAL DE POLÍTICAS LOCAIS DE BENESTAR. A INTERDEPENDENCIA.

Medida 2.1: A mellora do coñecemento dos actores sociais presentes no territorio. As Redes Comarcais de entidades para o Benestar.

Actuacións	Indicadores de Seguimento
Actuación 2.1.1: Artellar visitas ós centros e equipamentos do territorio.	<ul style="list-style-type: none"> Nº de visitas organizadas Nº de centros e equipamentos visitados.
Actuación 2.1.2: O redeseño do financiamento da Deputación ás entidades sociais. A coordinación territorial e a creación de redes comarcais de entidades para o benestar.	<ul style="list-style-type: none"> Novas bases das convocatorias de financiamento para as entidades sociais publicadas.

Medida 2.2: A ampliación do abano de actores partícipes na Rede.

Actuacións	Indicadores de Seguimento
Actuación 2.2.1: Deseño dun marco de relación e colaboración coas Universidades e os Colexios profesionais.	<ul style="list-style-type: none"> Nº de reunións mantidas con Colexios Profesionais Nº de reunións mantidas coas Universidades da provincia Ámbitos de colaboración cos Colexios Profesionais

Medida 2.2: A ampliación do abano de actores partícipes na Rede.

Actuacións	Indicadores de Seguimento
	<ul style="list-style-type: none"> - Ámbitos de colaboración coas Universidades da provincia - Nº de acordos asinados cos Colexios Profesionais - Nº de acordos asinados cas Universidades da Provincia
Actuación 2.2.2: Deseño e Convocatoria de Premios para a produción técnica e científica especializada en benestar, e para o desenvolvemento de proxectos no territorio.	<ul style="list-style-type: none"> - Creación do Premio Anual - Nº de participantes na convocatoria anual - Nº de bolsas de investigación financiadas na área de investigación específica do benestar
Actuación 2.2.3: Integración da Deputación da Coruña no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.	<ul style="list-style-type: none"> - Integración no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Deputación da Coruña
Actuación 2.2.4: Os Centros de Saúde e os Centros Educativos no centro da ampliación dos actores da rede.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de reunións mantidas coas xerencias dos Centros de Saúde - Nº de reunións mantidas coas direccións dos Centros Educativos - Ámbitos de colaboración identificados cos Centros de Saúde - Ámbitos de colaboración identificados cos Centros Educativos
Actuación 2.2.5: As entidades asociativas do territorio como ferramentas de benestar.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de contactos e reunións mantidas coas entidades asociativas do territorio
Actuación 2.2.6: A ampliación interna. Os departamentos de promoción económica e cultura dos Concellos e da Deputación.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de reunións, actuacións, iniciativas, programas deseñados e implementados de xeito conxunto/ coordinado con outros departamentos da Deputación.

EIXO ESTRATÉXICO 3: A ESTABILIDADE COMO FUNDAMENTO DAS POLÍTICAS LOCAIS DE BENESTAR.

Medida 3.1: Conformación dun sistema de financiamento plurianual para os servizos sociais comunitarios municipais.

Actuacións	Indicadores de Seguimento
Actuación 3.1.1: Plan de financiamento plurianual para os servizos sociais comunitarios municipais dos Concellos de menos de 20.000 habitantes.	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño e publicación do sistema de financiamento de carácter plurianual dos servizos sociais comunitarios municipais
Actuación 3.1.2: O efecto centralidade e o establecemento de axendas conxuntas cos Concellos maiores de 20.000 habitantes.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de reunións de traballo mantidas cos concellos de máis de 20.000 habitantes da provincia - Ámbitos de colaboración entre a Deputación e os concellos maiores de 20.000 habitantes
Actuación 3.1.3: Deseño da ferramenta de colaboración entre a Deputación da Coruña e os Concellos da provincia. O redeseño do FOPSS.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición do sistema de seguimento e avaliación - Evolución do financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais

Medida 3.2: O redeseño do sistema de financiamento para as entidades do TSAS. A plurianualidade.

Actuacións	Indicadores de Seguimento
Actuación 3.2.1: Deseño dun Plan de financiamento plurianual para as entidades do TSAS.	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño e publicación do novo sistema de financiamento de carácter plurianual para as entidades do TSAS - Definición do sistema de seguimento e avaliación - Evolución do financiamento das entidades do TSAS

EIXO ESTRATÉXICO 4: A PROACTIVIDADE COMO NOVO PRINCIPIO XERAL DE ACTUACIÓN DAS POLÍTICAS DE BENESTAR.**Medida 4.1: A proactividade no deseño de programas propios por parte da Deputación.**

Actuacións	Indicadores de Seguimento
Actuación 4.1.1: Fomento do uso das ferramentas da contratación pública socialmente responsable na Deputación e nos Concellos.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de licitacións nas que a Deputación da Coruña emprega ferramentas de contratación pública socialmente responsable - Nº de licitacións nas que a Deputación emprega a reserva de contratos - Nº de consultas recibidas por parte da Asesoría xurídica sobre estas ferramentas de contratación - Elaboración de modelos tipo de pregos de licitacións deseñados para unha contratación pública socialmente responsable - Nº de accións formativas celebradas en relación á contratación pública socialmente responsable - Nº de asistentes ás accións formativas
Actuación 4.1.2: O deseño e implementación de accións formativas no territorio para o aproveitamento do SAF como xacemento de emprego de proximidade.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de accións formativas ou programas de formación para a obtención dos requirimentos necesarios para as ocupacións relacionadas co SAF - Nº de participantes nas accións formativas - Nº de accións formativas impartidas de xeito descentralizado
Actuación 4.1.3: O programa de Teleasistencia. A importancia da difusión e a súa ampliación do programa.	<ul style="list-style-type: none"> - Novos sistemas de difusión empregados. - Nº de novos/as usuarios/as - Nº de solicitudes non atendidas por falta de dispositivos
Actuación 4.1.4: A mellora das axudas de emerxencia social a través do establecemento de convenios.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de establecementos de alimentación contactados - Nº de establecementos de alimentación que mostran interese. - Nº de convenios asinados entre a Deputación e os establecementos de alimentación - Nº de concellos adheridos os convenios asinados.
Actuación 4.1.5: O Programa "O Mar na Escola".	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño do programa - Nº de entidades sociais que forman parte - Nº de concellos que participan - Nº de participantes no programa
Actuación 4.1.6: Fomento dunha alimentación saudable a través dos programas e actividades para menores.	<ul style="list-style-type: none"> - Incorporación nas condicións de prestación dos servizos de comedor dos servizos e actuacións financiados pola Deputación do consumo de produtos qm. 0 e de proximidade.

Medida 4.2: A proactividade no deseño de programas a través da Rede de actores.

Actuacións	Indicadores de Seguimento
Actuación 4.2.1: O deseño dun programa específico para a detección e tratamento da soidade.	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño do programa - Nº de concellos que implementan, de xeito adaptado, o programa
Actuación 4.2.2: O deseño dun programa marco específico para o voluntariado.	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño do programa - Nº de concellos que implementan, de xeito adaptado, o programa
Actuación 4.2.3: O deseño de programas de detección e prevención do deterioro cognitivo.	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño dos programas - Nº de concellos que implementan, de xeito adaptado, os programas
Actuación 4.2.4: O traballo con persoas coidadoras. Deseño e implementación de programas de apoio.	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño dos programas - Nº de concellos que implementan, de xeito adaptado, os programas - Servizos auxiliares de apoio postos a disposición das persoas participantes
Actuación 4.2.5: A definición dun programa de	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño do programa

Medida 4.2: A proactividade no deseño de programas a través da Rede de actores.

Actuacións	Indicadores de Seguimento
actuación conxunta cos Centros de Saúde	– Nº de concellos nos que se implementa, de xeito adaptado, o programa
Actuación 4.2.6: O deseño dun programa marco para a prevención en Centros Educativos.	– Deseño do programa – Ámbito/s sobre o/s que versa programa – Nº de concellos nos que se implementa, de xeito adaptado, o programa
Actuación 4.2.7: A necesidade de fomentar e actualizar o modelo de Escolas de Nais e Pais.	– Actualización do programa – Nº de concellos nos que se implementa, de xeito adaptado, o programa – Sistemas de difusión empregados
Actuación 4.2.8: O deseño dun programa marco para o fomento do coñecemento da multiculturalidade.	– Deseño do programa – Nº de concellos nos que se implementa, de xeito adaptado, o programa

EIXO ESTRATÉXICO 5: A APROXIMACIÓN INTEGRAL ÁS PROBLEMÁTICAS SOCIAIS COMO MULTIPLICADOR DOS EFECTOS.

Medida 5.1: Definición de programas para atención integral das problemáticas sociais.

Actuacións	Indicadores de Seguimento
Actuación 5.1.1: Deseño dun proxecto piloto para a mellora do SAF a través da Terapia Ocupacional.	– Deseño do programa – Nº de concellos que implementan, de xeito adaptado, o programa
Actuación 5.1.2: Deseño de protocolos de actuación para intervencións derivadas do SAF.	– Deseño dos protocolos – Nº de concellos que implementan, de xeito adaptado, o programa
Actuación 5.1.3: A mellora da habitabilidade e accesibilidade das vivendas en clave de benestar.	– Deseño dos protocolos – Nº de concellos que implementan, de xeito adaptado, o programa
Actuación 5.1.4: Actualización de programas e actuacións dirixidas ás persoas maiores.	– Deseño dos programas – Nº de concellos que implementan, de xeito adaptado, os programas
Actuación 5.1.5: Definición de programas interxeneracionais.	– Deseño do programa – Nº de concellos nos que se implementa, de xeito adaptado, o programa – Nº de centros educativos que participan no programa
Actuación 5.1.6: O deseño dun programa marco de nutrición saudable de proximidade nos comedores escolares.	– Deseño do programa – Nº de produtores implicados no programa Nº de concellos nos que se implementa, de xeito adaptado, o programa
Actuación 5.1.7: A mobilidade e o deseño de sistemas de transporte público local nos Concellos menores de 20.000 habitantes.	– Estudos de mobilidade realizados – Nº de concellos interesados no deseño dun sistema de transporte público local – Nº de concellos nos que se deseñou e se puxo en práctica un sistema de transporte público local.

PLAN DE ACCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

